

CURSO	2021/2022
--------------	------------------

I.E.S.MANUEL CHAMOSO LAMAS

O Carballiño

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Xefe/a de departamento
Maria Villar Bravo
Membros do departamento
Juan Aurelio Rodríguez Rodríguez
José Trino Grande Santos
Verónica Losada González
María Olga García Martínez
María del Mar Pérez Iglesia

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
---------------------------------------	---

ENSINO PRESENCIAL

MATEMÁTICAS 1º ESO.....	6
MATEMÁTICAS 2º ESO.....	54
MATEMÁTICAS 3º ESO.....	102
MATEMÁTICAS APLICADAS 4º ESO.....	154
MATEMÁTICAS ACADÉMICAS 4º ESO.....	204

ENSINO SEMIPRESENCIAL

Modificación metodoloxía.....	226
Materias e recursos didácticos.....	227
Xeito de garantir a conexión de todo o alumnado.....	228
Consideracións finais.....	228

ENSINO TELEMÁTICO

Modificación metodoloxía.....	229
Materiais e recursos didácticos	230
Xeito de garantir a conexión de todo o alumnado.....	231
Criterios de avaliación	232
Consideracións finais.....	232

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A1. INTRODUCCIÓN

A presente programación corresponde a materia de Matemáticas nos distintos cursos nos que se imparte na ESO, para o IES Manuel Chamoso Lamas, Carballiño e elaborouse tomando como referente a lexislación vixente. Destacamos que, a organización da programación fíxose atendendo á **Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, (no seu Capítulo V, artigo 13) e ao **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A2. CONTEXTUALIZACIÓN

- **O centro e o seu enclave**

O IES M.Chamoso Lamas, do Carballiño, que está situado a 400 m de altitude e ao lado do río Arenteiro, nunha meseta situada ao pé dun gran arco montañoso que describen a serras do Testeiro e Faro ao Norte. Cara o Sur esténdese ata os rebordos dos ríos Avia e Barbantiño, e na parte meridional o Miño. Ao tratarse de cursos de auga que transcorren encaixados, actúan como límites entre as terras altas de Carballiño e as terras baixas dos vales do Ribeiro.

Dende o punto de vista funcional, o Carballiño segue sendo o centro aglutinador e organizador da comarca circundante de carácter rural. É unha das vilas máis activas e con alto grao de dotación local que inclúe servizos administrativos, comerciais e económicos en xerais. Tódolos concellos dependen directamente do Carballiño e no escalón seguinte vincúlense coa Capital.



A poboación da Comarca de O Carballiño é de arredor duns 29.000 habitantes, comprende unha superficie total de 554,4 Km² e está formada por nove municipios: Bearíz, Boborás, O Carballiño, Cea, O Irixo, Maside, Piñor de Cea, Punxín e San Amaro. As taxas de natalidade son baixas e as tres cuartas partes da poboación concéntrase en catro concellos (O Carballiño, Boborás, Cea e Maside), precisamente os de maior nivel de infraestruturas e desenvolvemento urbanístico.

- **Análise Socioeconómico**

Nesta Comarca prodúcese unha perda progresiva de peso da actividade agraria e unha redución do número de explotacións agrarias.

Destaca unha importante actividade empresarial na transformación da madeira, na industria do pan, da pedra, da forxa e dos pretensados, así como da construción de aeroxeneradores para parques eólicos. Tamén compre destacar a existencia de distintos talleres de confección.

En relación ao sector terciario, concéntrase no Carballiño, onde constitúe a principal actividade económica que ocupa ao 46% da poboación activa. Os servizos administrativos, sanitarios, educativos, de ocio e comerciais son o eixe económico da capital municipal. É importante destacar tamén o turismo termal.

- **Características do Centro**

O Centro I.E.S. Manuel Chamoso Lamas, é un antigo centro de FP convertido a I.E.S. ubicado ás aforas do Carballiño, no lugar de Mesego, antiga Estrada de Pontevedra, foi inaugurado como centro de FP no ano 1979 con ramas de ensinanza de Automoción, Electricidade e Administrativo e reconvertido a I.E.S. no ano 1997/98, sufrindo unhas profundas modificacións como consecuencia da implantación da reforma educativa.

Actualmente, o centro distribúese en tres edificios:

- No **Edificio Nº 1**, no Soto atópase un Almacén, un Aseo e a Cociña e o Comedor para os alumnos da ESO, con dous aseos, unha sala de xogos, un almacén e as caldeiras da calefacción, na Planta Baixa está a entrada principal o edificio, Conserxería, Oficinas, Secretaría, Dirección, Xefatura de Estudos Diúrno, 2 Salas de Profesores, unha delas provista de varios ordenadores, Sala de Meteoroloxía, Biblioteca, 2 **Titorías**, almacén de audiovisuais, aseos para o Profesorado, aseos para o alumnado, Salón de Actos, Almacén, 2 Aulas para 3º ESO, Xefatura de Estudos Nocturno, **Dpto.Orientación**, no Primeiro Piso hai servizos para os/as alumnos/as, 1 Aula para 3º ESO, y 3 Aulas para 4º ESO, Laboratorio de Física, Aula de Idiomas (Inglés), Aula de Informática e Aulas para os 1º e 2º de Bacharelato.
- No **Edificio Nº 2**, no Soto podemos encontrar o Taller de Electricidade, Taller de FPBásica e un Almacén, na Planta Baixa atópase a Aula de Tecnoloxía ESO e o Laboratorio de Ciencias,, 2 Aulas e un almacén, na Primeira Planta están as Aulas para os diferentes Ciclos (Administrativo, Electricidade e Automoción), un almacén e aseos.
- No **Edificio Nº 3**, no Soto está a cafetería e aseos, na Planta Baixa a Aula de Música, 2 Aulas para 1º ESO e aseos para alumnado e na Segunda Planta 2 Aulas para 2º ESO, Aula de Plástica, 1 Sala de profesores. Este último edificio está provisto de ascensor.

A **Oferta Educativa** para os alumnos/as deste centro educativo é:

- ESO
- Bacharelatos (modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e modalidade de Ciencias)
- Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración e Finanzas
- Ciclo Formativo de Grao Medio de Xestión Administrativa
- Ciclo Formativo de Grao Medio de Electromecánica de Vehículos
- Ciclo Formativo de Grao Medio de Sistemas e Instalacións Electrotécnicas
- Ciclo superior automatización e Robótica industrial(fp dual)
- Formación Profesional Básica (Electricidade e electrónica)
- Ensinanza para Adultos (E.P.A.) (Nivel I/ II, III/IV, Bacharelato semipresencial)
- Escola Oficial Idiomas (E.O.I.), Inglés (nivel Básico, Intermedio e Avanzado)
-

- **Características do alumnado**

A maioría do alumnado que acode ao noso instituto provén de centros adscritos, como son: C.E.I.P. de Beariz, C.E.I.P. do Irixo, C.E.I.P. de Boborás e C.E.I.P. Calvo Sotelo de O Carballiño. Deste último está adscrito o alumnado que por domicilio están a mais de 2 Km do IES e demandan o **uso do comedor e transporte escolar gratuíto**. A parte dos que proveñen dos centros adscritos, outros alumnos proveñen de zonas educativas como Avión, Maside, San Amaro, Piñor, Dozón e Lalín.

A maioría do alumnado do centro ten un marcado **carácter rural e un nivel sociocultural medio-baixo**.

Algunhas das características deste alumnado e das súas familias son as seguintes:

- ✓ Alumnado de familias desestruturadas, isto implica en moitos casos unha falta de supervisión dos estudos dos fillos o que provoca un fracaso escolar que vai en aumento se non se soluciona nos primeiros cursos.
- ✓ Alumnado que accede a Secundaria por imperativo legal, sen ter alcanzadas as competencias da educación primaria.
- ✓ Alumnado procedente do estranxeiro con un desfase importante no seu nivel de competencia curricular.

O noso alumnado entende o Galego e o Castelán, e a maioría emprega o Galego para comunicarse tanto na contorna social, familiar como escolar. Nos últimos anos estase incorporando alumnado inmigrante e alumnado retornado da inmigración, non chegando a ser moi significativo.

Sinalar que a convivencia non se considera como mera aplicación de medidas disciplinarias, senón coma un fin educativo a traballar, tratando de acadar un clima participativo e democrático, fomentando entre o alumnado a participación na elaboración das normas de aula, a participación democrática na elección de delegado, nas xuntas de delegados, no consello escolar...

- **O Departamento de Matemáticas**

O departamento de matemáticas neste curso está composto por 6 profesores, 3 deles con destino definitivo no centro (un deles forman parte do equipo directivo) e 3 con destino provisional. No seguinte cadro móstrase a relación de materias que imparten, así como os distintos cargos que ocupan:

Profesor/a	Situación	Cursos impartidos	Número horas	Cargo
Juan Aurelio Rodríguez Rodríguez	Definitivo	2º BAC CCSS	4	Director
María Villar Bravo	Definitivo	1º ESO B 1º BAC C-T 1º BAC CCSS 2º BAC C-T	17	Xefa de departamento Tutora 1º ESO A
José Trino Grande Santos	Definitivo	1º ESO A Agrupamento 2º ESO FP básica II	17	
Verónica Losada González	Provisional	Agrupam 1º ESO 2º ESO A 4º ESO A- Académicas 4º ESO B/C- Académicas	18	Tutora 4º ESO A
María Olga García Martínez	Provisional	Módulo III-IV adultos BAC adultos FP básica I	19	
María del Mar Pérez Iglesia	Provisional	2º ESO B 3º ESO A 3º ESO B 4º ESO aplicadas	17	Tutora 3º ESO A

ENSINO PRESENCIAL

1º ESO	
MATERIA	MATEMÁTICAS
PROFESORES	JOSE TRINO GRANDE SANTOS MARIA VILLAR BRAVO VERÓNICA LOSADA GONZÁLEZ

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DA ESO

B2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 1º ESO

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Tal e como recolle o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos (aos que faremos referencia no desenvolvemento das unidades didácticas):

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono

B2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 1º ESO

A área de Matemáticas de 1.º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Incorporar a terminoloxía matemática á linguaxe habitual co fin de mellorar o rigor e a precisión na comunicación.
- Identificar e interpretar os elementos matemáticos presentes na información que chega da contorna (medios de comunicación, publicidade...), analizando criticamente o papel que desempeñan.
- Incorporar os números negativos ao campo numérico coñecido, realizar operacións básicas con números fraccionarios e profundar no coñecemento das operacións con números decimais.
- Iniciar o estudo das relacións de divisibilidade e de proporcionalidade, incorporando os recursos que ofrecen á resolución de problemas aritméticos.
- Utilizar con soltura o Sistema Métrico Decimal (lonxitude, peso, capacidade e superficie).
- Iniciar ao alumnado na utilización de formas de pensamento lóxico na resolución de problemas.
- Formular conxecturas e comprobalas, na realización de pequenas investigacións.
- Utilizar estratexias de elaboración persoal para a análise de situacións concretas e a resolución de problemas.
- Organizar e relacionar informacións diversas de face á consecución dun obxectivo ou á resolución dun problema, xa sexa da contorna das matemáticas ou da vida cotiá.
- Clasificar aqueles aspectos da realidade que permitan analizala e interpretala, utilizando sinxelas técnicas de recolleita, xestión e representación de datos.
- Recoñecer a realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde distintos puntos de vista e analizada segundo diversos criterios e grados de profundidade.
- Identificar as formas e as figuras planas, analizando as súas propiedades e as súas relacións xeométricas.
- Utilizar métodos de experimentación manipulativa e gráfica como medio de investigación en xeometría. Utilizar os recursos tecnolóxicos con sentido crítico, como axuda na aprendizaxe e nas aplicacións instrumentais das matemáticas.
- Actuar nas actividades matemáticas de acordo con modos propios de matemáticos, como a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para cambiar de punto de vista, a perseveranza na procura de solucións, o recurso á particularización, a sistematización, etc.
- Descubrir e apreciar as súas propias capacidades matemáticas para afrontar situacións nas que as necesiten.

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, as competencias clave do currículo as que faremos referencia ao longo da programación son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afines á área. Deste xeito, traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a cada unha das competencias:

Comunicación lingüística (CCL).

- ✓ Comprender o sentido dos textos escritos.
- ✓ Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos,...
- ✓ Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.
- ✓ Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- ✓ Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- ✓ Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura.
Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- ✓ Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- ✓ Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso ao redor.
- ✓ Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- ✓ Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
- ✓ Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- ✓ Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- ✓ Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Competencia dixital (CD).

- ✓ Empregar distintas fontes para a procura de información.
- ✓ Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- ✓ Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- ✓ Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- ✓ Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- ✓ Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- ✓ Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Aprender a aprender (CAA).

- ✓ Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas,...
- ✓ Aplicar estratexias para mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependiente,...
- ✓ Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- ✓ Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

- ✓ Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- ✓ Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

- ✓ Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- ✓ Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- ✓ Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

- ✓ Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- ✓ Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- ✓ Ser constante no traballo superando as dificultades.
- ✓ Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- ✓ Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- ✓ Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- ✓ Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- ✓ Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

- ✓ Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- ✓ Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- ✓ Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- **Bloque 2.** Números e Álgebra.
- **Bloque 3.** Xeometría.
- **Bloque 4.** Funcións.
- **Bloque 5.** Estatística e probabilidade.

Todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que nas unidades didácticas se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas".

No desenvolvemento das unidades didácticas aparecen codificados os criterios e estándares de avaliación segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As unidades didácticas nas que dividimos a materia e que pasamos a desenvolver a continuación serán as seguintes:

AVALIACIÓN	UNIDADE	TÍTULO
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	OS NÚMEROS NATURAIS
	UNIDADE 2	POTENCIAS E RAÍCES
	UNIDADE 3	DIVISIBILIDADE
	UNIDADE 4	OS NÚMEROS ENTEIROS
	UNIDADE 5	OS NÚMEROS DECIMAIS
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 6	SISTEMA MÉTRICO DECIMAL
	UNIDADE 7	AS FRACCIÓNS E AS SÚAS OPERACIÓNS
	UNIDADE 8	PROPORCIONALIDADE E PORCENTAXE
	UNIDADE 9	ÁLXEBRA
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 10	RECTAS, ÁNGULOS E FIGURAS XEOMÉTRICAS
	UNIDADE 11	ÁREAS E PERÍMETROS
	UNIDADE 12	GRÁFICAS DE FUNCIÓNS
	UNIDADE 13	ESTATÍSTICA
	UNIDADE 14	PROBABILIDADE

UNIDADE DIDÁCTICA 1: OS NÚMEROS NATURAIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO 1, 2

OBXECTIVOS a,b,d,e,f

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Sistemas de numeración • Os números grandes • Aproximación de números naturais • Operacións básicas con números naturais • Operacións combinadas. Xerarquía • Resolución de problemas • Estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora. 	B1.1.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.2.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CCL CMCCT CAA
	B1.6.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CCL CMCCT CSC CAA
		MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CAA CSIEE
	B2.1.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	CCL CMCCT
		MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	CMCCT
	B2.2.	MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	CMCCT
	B2.3.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	CMCCT CD CAA

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.1.1.	Expresa verbalmente problemas nos que hai que realizar dúas ou tres operacións básicas con números naturais para obter o resultado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Setembro: Semana 4 ▪ Outubro: Semana 1 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.2.1.	Comprende problemas nos que hai que realizar dúas ou tres operacións básicas con números naturais para obter o resultado.		
MAB1.6.1	Comprende a situación planteada no enunciado de problemas con números naturais; e responde ás preguntas que se lle formulan, empregando números e datos relacionados entre si.		
MAB1.6.2.	Comprende a situación prantexada nun problema, investiga e responde ás preguntas que se lle formulan, empregando números, datos e tomando decisións relacionadas coa vida cotiá.		
MAB2.1.1	Identifica os números naturais e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.		
MAB2.1.2.	Calcula o valor de expresións numéricas de números naturais mediante as operacións de suma, resta, produto e división con un nivel de paréntese corchete.		
MAB2.2.1.	Recoñece e emprega as propiedades da suma, resta e produto de números naturais		
MAB2.3.1	Realiza operacións combinadas con lapis e papel en liña. Emprega para o cálculo mental as estratexias de “sumar/restar 10”, “sumar/restar 9”. Emprega a calculadora para resolver operación combinadas sinxelas.		

UNIDADE DIDÁCTICA 2: POTENCIAS E RAÍCES

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO		1, 2		
OBXECTIVOS		a,b,d,e,f		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Potencias • Potencias de base 10. • Aplicacións das potencias de base 10. • Operacións con potencias. • Raíces cadradas. • Resolución de problemas. 	B1.1.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.		CCL CMCCT
	B1.2.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).		CCL CMCCT CAA
	B1.6.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.		CCL CMCCT CSC CAA
		MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.		CMCCT CAA CSIEE
	B2.1.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.		CCL CMCCT
		MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.		CMCCT
	B2.2.	MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.		CMCCT
	B2.3.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.		CMCCT CD CAA

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.1.1.	Expresa verbalmente problemas nos que hai que realizar dúas ou tres operacións básicas con potencias.	▪ Outubro: semana 2 e 3	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.2.1.	Comprende problemas nos que hai que realizar dúas ou tres operacións básicas con potencias.		
MAB1.6.1	Comprende a situación planteada no enunciado de problemas con números naturais e potencias; e responde ás preguntas que se lle formulan, empregando números e datos relacionados entre sí.		
MAB1.6.2.	Comprende a situación prantexada nun problema, investiga e responde ás preguntas que se lle formulan, empregando números, datos e tomando decisións relacionadas coa vida cotiá.		
MAB2.1.1.	Identifica as potencias, entende o significado do expoñente e as utiliza para expresar de forma abreviada as multiplicacións. Emprega e valora a utilidade das potencias de 10 para expresar cantidades moi grandes.		
MAB2.1.2.	Calcula o valor de expresións numéricas de potencias de base un número natural. Calcula o valor dunha potencia con expoñente cero.		
MAB2.2.1.	Recoñece e emprega as propiedades do produto e división de potencias da mesma base. Sabe calcular unha potencia de unha potencia. Fai raíces cuadradas exactas de números pequenos.		
MAB2.3.1.	Realiza operacións combinadas con potencias con lapis e papel. Realiza operacións con potencias de 10 mentalmente. Aproxima entre que números naturais se atopa unha raíz cadrada non exacta.		

UNIDADE DIDÁCTICA 3: DIVISIBILIDADE

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO		1, 2		
OBXECTIVOS		b,e,f,g		
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	
<ul style="list-style-type: none"> • A relación de divisibilidade • Múltiplos e divisores • Números primos e compostos • Descomposición en factores primos • Mínimo común múltiplo • Máximo común divisor • Resolución de problemas 	B1.2.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CCL CMCCT	
		MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.		
	B1.6.	MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CCL CMCCT CAA	
	B1.8.	MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CCL CMCCT CSC CAA	
	B2.2.	MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	CCL CMCCT CAA	
		MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.		
		MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplicaos problemas contextualizados.		
	B2.4.	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	CCL CMCCT	

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.2.1.	Realiza un pequeno esquema cos datos do problema e identifica claramente que se pregunta.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Outubro: semanas 4 ▪ Novembro: semana 1 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.2.2.	Interpreta a información dun enunciado e establece relacións co número de solucións do problema.		
MAB1.6.4.	Escrebe a solución do problema redactando unha liña coa resposta.		
MAB1.8.3.	É capaz de facer só cálculos nos exercicios e redactar e escribir todos os pasos necesarios na resolución dun problema. Resolve problemas de m.c.m Resolve problemas de M.C.D.		
MAB2.2.1.	Identifica a relación de divisibilidade entre dous números Recoñece múltiplos e divisores dun número Identifica os primos menores de 50 Distingue entre números primos e compostos		
MAB2.2.2.	Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5 e 10. Descompón en factores números de tres cifras.		
MAB2.2.3.	Calcula por escrito o m.c.m e M.C.D. de dous números sinxelos (de dúas cifras)		
MAB2.4.2.	Calcula mentalmente o m.c.m e M.C.D de dous números de unha cifra Expresa os resultados de forma coherente e precisa.		

UNIDADE DIDÁCTICA 4: OS NÚMEROS ENTEIROS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | b,e,f,g

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> Números positivos e negativos Os números enteiros Suma e resta de enteiros Produto e división de enteiros Operacións combinadas con números enteiros Potencias de números enteiros Resolución de problemas 	B1.1.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.2.	MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CCL CMCCT
	B1.3.	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos	CMCCT CCEC
	B1.6.	MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CAA CSIEE
		MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CCL CMCCT CAA
	B1.8.	MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CCL CMCCT CSC CAA
	B2.1.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	CCL CMCCT
		MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	CMCCT
		MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	CMCCT
	B2.2.	MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	CCL CMCCT CAA
		MAB2.2.5. Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.	CMCCT

	B2.4.	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	CCL CMCCT	
D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN		TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.1.1.	Expresa verbalmente problemas nos que hai que realizar operacións básicas con números enteiros para obter o resultado.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Novembro: semanas 2,3,4 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.2.2.	Valora a información dada por un problema e saca conclusións.			
MAB1.3.1.	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio e en contextos numéricos.			
MAB1.6.2.	Establece conexións entre problemas de temperaturas, débedas, ascensores e os números enteiros, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.			
MAB1.6.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade, redactando unha liña coa solución do problema.			
MAB1.8.3.	Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.			
MAB2.1.1.	Identifica os tipos de números enteiros (naturais e enteiros negativos) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.			
MAB2.1.2.	Calcula o valor de expresións numéricas con números enteiros sen paréntese. Calcula o valor de expresións numéricas con números enteiros con paréntese facendo primeiro a operación do paréntese) Calcula o valor de expresións numéricas con números enteiros con paréntese, eliminando este en primeiro lugar. Calcula o valor de expresións numéricas con números enteiros e operacións combinadas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.			
MAB2.1.3.	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.			
MAB2.2.1.	Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre operacións elementais.			
MAB2.2.5.	Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.			
MAB2.4.2.	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.			

UNIDADE DIDÁCTICA 5: OS NÚMEROS DECIMAIIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | b,e,f,g

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> Números decimais: tipos Representación de números decimais Suma e resta de números decimais Produto e división de números decimais. Resolución de problemas 	B1.2.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT
		MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CCL CMCCT
		MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT
	B1.4.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
		MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA
	B1.6.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSS
		MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CCL CMCCT CAA
	B2.1.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	CCL CMCCT
		MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	CMCCT
		MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	CMCCT
	B2.3.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	CMCCT

	B2.4.	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	CCL CMCCT	
D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN		TEMPORALIZACIÓN	
MAB1.1.1.	Expresa verbalmente problemas nos que hai que realizar operacións básicas con fraccións para obter o resultado.		<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra. 	
MAB1.2.2.	Valora a información dada por un problema e saca conclusións.			
MAB1.2.3.	Identifica e distingue os problemas nos que hai que calcular unha fracción dunha cantidade (problema directo) e nos que hai que calcular o total sabendo a parte da fracción (inverso) Identifica os problemas nos que hai que sumar fraccións e nos que hai que calcular unha fracción de unha fracción.			
MAB1.4.1.	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.			
MAB1.4.2.	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.			
MAB1.6.1.	Establece conexións entre problemas do mundo real e os números decimais (problemas con diñeiro: facturas, ir ao súper, redondeo nos prezos da gasolina,...)			
MAB1.6.4.	Interpreta a solución do problema no contexto do problema, escribindo claramente a interpretación na solución do problema.			
MAB2.1.1.	Identifica os decimais exactos e os decimais periódicos (distinguindo entre puros e mixtos) Identifica que hai outros decimais que non son nin exactos nin periódicos.			
MAB2.1.2.	Sabe sumar e restar decimais colocándoos axeitadamente. Sabe multiplicar decimais. Sabe multiplicar e dividir mentalmente un número decimal pola unidade seguida de ceros. Sabe dividir sacando decimais. Sabe dividir dous números decimais.			
MAB2.1.3.	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.			
MAB2.3.1.	Realiza operacións combinadas entre números decimais con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións			
MAB2.4.2.	Realiza cálculos con números decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.			
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ Decembro: semanas 1, 2,3

UNIDADE DIDÁCTICA 6: O SISTEMA MÉTRICO DECIMAL

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO		1, 2	
OBXECTIVOS		a,b,d,e,f	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • As magnitudes e a súa medida. • O Sistema Métrico Decimal • Unidades de medida nas magnitudes básicas • Cambios de unidade. • Cantidades complexas e incomplexas. • Resolución de problemas. 	B1.1.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.5.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT
	B1.6.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CCL CMCCT CSC CAA
		MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CAA CSIEE
 - É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lápis.
 - A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
 - Tamén se valorará a orde, ortografía, claridade e limpeza coa que está realizado o exame, podendo restarse 0,5 puntos como máximo por este concepto.
- ✓ **Observación do traballo de clase:**
- **Caderno de traballo:** explica o desenrolo das actividades con todas as actividades completas, revisa e completa as anotacións feitas polo profesor/a, é correcta a expresión escrita, limpeza e a presentación
 - Leva o traballo ao día
 - Exposición de exercicios na pizarra
 - Atende e amosa interese polo traballo da clase.
 - Axuda e amosa respecto ós compañeiros.
 - A súa relación co profesor/a e compañeiros é correcta.
 - Coida o material e as instalacións.
- ✓ **Tarefas:**
- Adecuación dos contidos ao que se pedía.
 - Adecuación dos recursos empregados na súa elaboración.
 - Claridade na presentación e/ou exposición.
 - Distribución do traballo e funcionamento do equipo (no caso de traballos grupais)

RECUPERACIÓNS

- ✓ Realizarase **unha proba escrita** de recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación parcial.
- ✓ No caso dunha recuperación positiva (nota igual ou superior a 5) esta cualificación substituirá á da avaliación parcial correspondente aos efectos do cálculo da cualificación da avaliación final ordinaria.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

- ✓ Ó final de curso realizarase un exame final ao que se presentarán aqueles alumnos con nota inferior a 5 nalgunha das avaliacións parciais e na correspondente recuperación. Neste exame final o alumnado que só teña que recuperar unha avaliación fará unha proba desa avaliación na que entrarán os contidos de todas as unidades vistas na avaliación suspensa. O resto de alumnado terá que facer un exame final no que entrará a materia de todas as unidades vistas durante o curso. Este exame final puntuará sobre 10 puntos. En caso de superar unha avaliación parcial previamente non superada, a nota previa será substituída pola nova cualificación.
- ✓ A cualificación final de xuño será a media das tres avaliacións, redondeada sen decimais, sempre que sexan maiores ou iguais a 3.
- ✓ En caso de que o alumno ou alumna non acadara un 3 nalgunha das tres avaliacións parciais a cualificación na avaliación ordinaria será sempre inferior a 5.

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria en setembro, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada.

Esta proba escrita constará de exercicios e problemas que recollerán os aspectos máis importantes da materia e estarán baseados sempre nos **estándares de aprendizaxe mínimos** que se recollen nesta programación para 1º ESO.

Para acadar unha avaliación positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5. A nota redondearase a un número enteiro.

Sistema de redondeo dunha cualificación (de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria, de recuperación e de pendentos): Unha vez que se teña unha nota final, en tódolos casos redondearase da seguinte maneira: nota menor ou igual que x,5 redondearase a x; nota maior que x,5 redondease a x+1.

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de suscitar as medidas de atención á diversidade habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales.
- Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

En canto as necesidades individuais, a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento sobre o grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Adoptar as medidas organizativas pertinentes:
 - Planificación de que alumnado irá ao agrupamento de matemáticas (revisable e modificable ao longo do curso)
 - Seleccionar o alumnado que precisará una adaptación curricular ou apoio educativo por parte da PT ou AL
 - Alumnado con altas capacidades.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un destes alumnos.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a evaluar os progresos destes estudantes.
- Facer un seguimento eshaustivo destes alumnos e compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Neste curso non hai alumnado que teña que recuperar a materia pendente.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ó longo de todo o curso tódolos profesores/as do departamento avaliarán o proceso de ensino e a súa propia práctica docente. Os indicadores de logro que se observarán serán os recollidos no seguinte cuestionario:

Consulto e cumpro a programación didáctica ó longo do curso (comprobarase se a temporalización real das unidades didácticas e/ou dos estándares de aprendizaxe, coincide coa temporalización prevista no apartado 3 desta programación. Para elo utilizaranse as táboas de seguinte apartado).	1	2	3	4
Dou a coñecer ós alumnos elementos da programación como os obxectivos, os contidos e os criterios de cualificación.	1	2	3	4
Selecciono as actividades en función do nivel do grupo de alumnos.	1	2	3	4
Adopto estratexias metodolóxicas diversas atendendo á diversidade dos alumnos.	1	2	3	4
Motivo os meus alumnos/as comunicándolles os obxectivos e a finalidade das actividades, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas.	1	2	3	4
Propoño actividades que favorecen o aprendizaxe autónomo (busca de información, traballos, etc.	1	2	3	4
Uso recursos e materiais variados.	1	2	3	4
Coordínome cos demais profesores do departamento.	1	2	3	4
O alumno sabe en que se vai basear a súa avaliación e esta concorda co traballo de aula.	1	2	3	4
Utilizo diferentes tipos de proba para avaliar ós alumnos	1	2	3	4

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ó longo de todo o curso analizaranse os resultados académicos, a consecución por parte dos alumnos dos obxectivos previstos e o nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

- Cubrirase unha táboa como a seguinte:

CURSO	% SUSPENSOS	% APROBADOS	CUMPRIMENTO PROGRAMACIÓN	OBSERVACIÓNS

Nos casos en que os resultados non sexan positivos analizaranse as posibles causas (falta de hábitos correctos de estudo, problemas de base, problemas cognitivos, dificultade dalgúns dos contidos, problemas de comportamento coa consecuente falta de atención, falta de interese pola materia, actividades propostas pouco variadas e repetitivas...) e decidiranse as medidas a tomar conducentes a mellorar eses resultados.

- Descríbese a continuación unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Contidos das unidades			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos empregados			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Débese ter en conta as medidas de seguridade marcadas polos protocolos covid polo que algunha das actividades citadas quizais non se poidan realizar durante este curso 2021-2022

O Departamento de Matemáticas participará nas seguintes actividades

- ✓ **“Día Mundial das Matemáticas”**, actividade pensada para todos os/as alumnos/as . O día 3 de marzo é o Día Mundial das Matemáticas, polo que durante esa semana porase no antigo salón de actos unha exposición de xogos de enxeño e iranse levando por quendas aos rapaces para que os resolvan. Non cabe dúbida de que a competencia é un das mellores estratexias para estimular o desenvolvemento da operatividade en matemáticas e que mellor que facéndoo a través de xogos.
- ✓ Realizaranse visitas a exposicións matemáticas, con data por determinar.
- ✓ Concurso de fotografía matemática

Polo demais non hai ningunha outra actividade prevista inicialmente. Porén, isto non impide que calquera dos membros do Departamento poda decidir no transcurso do curso participar nalgunha actividade que considere de interese para o alumnado, estando suxeita a autorización necesaria para a súa realización.

2º ESO	
MATERIA	MATEMÁTICAS
PROFESORES	JOSÉ TRINO GRANDE SANTOS VERÓNICA LOSADA GONZÁLEZ MARIA DEL MAR PÉREZ IGLESIA

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DA ESO

B2. OBXECTIVOS DA MATERIA DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS DE 3º ESO

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Tal e como recolle o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos (aos que faremos referencia no desenvolvemento das unidades didácticas):

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

B2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 2º ESO

A área de Matemáticas de 2º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Incorporar a terminoloxía matemática á linguaxe habitual co fin de mellorar o rigor e a precisión na comunicación.
- Identificar e interpretar os elementos matemáticos presentes na información que chega da contorna (medios de comunicación, publicidade...), analizando criticamente o papel que desempeñan.
- Incorporar os números negativos ao campo numérico coñecido, realizar operacións básicas con números fraccionarios e profundar no coñecemento das operacións con números decimais.
- Completar o estudo das relacións de divisibilidade e de proporcionalidade, incorporando os recursos que ofrecen á resolución de problemas aritméticos.
- Utilizar con soltura o Sistema Métrico Decimal e Sesaxesimal.
- Iniciar ao alumnado na utilización de formas de pensamento lóxico na resolución de problemas.
- Formular conxecturas na realización de pequenas investigacións e comprobalas,
- Utilizar estratexias de elaboración persoal para a análise de situacións concretas e a resolución de problemas.
- Organizar e relacionar informacións diversas de face á consecución dun obxectivo ou á resolución dun problema, xa sexa da contorna das matemáticas ou da vida cotiá.
- Clasificar aqueles aspectos da realidade que permitan analizala e interpretala, utilizando sinxelas técnicas de recolleita, xestión e representación de datos, procedementos de medida e cálculo empregando en cada caso os diferentes tipos de números, segundo esixa a situación.
- Recoñecer a realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde distintos puntos de vista e analizada segundo diversos criterios e grados de profundidade.
- Identificar as formas e as figuras planas, analizando as súas propiedades e as súas relacións xeométricas.
- Usar os teoremas de Tales e Pitágoras como solución de problemas xeométricos
- Utilizar métodos de experimentación manipulativa e gráfica como medio de investigación en xeometría.
- Utilizar os recursos tecnolóxicos con sentido crítico, de modo que supoñan unha axuda na aprendizaxe e nas aplicacións instrumentais das matemáticas.
- Manexar con soltura o linguaxe básico da estatística
- Calcular e interpretar os parámetros estatísticos básicos
- Usar a lei de Laplace para o cálculo de probabilidades no casos no que sexa aplicable
- Actuar nas actividades matemáticas de acordo con modos propios de matemáticos, como a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para cambiar de punto de vista, a perseveranza na procura de solucións, o recurso á particularización, a sistematización, etc.

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, as competencias clave do currículo as que faremos referencia ao longo da programación son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afines á área. Deste xeito, traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a cada unha das competencias:

Comunicación lingüística (CCL).

- ✓ Comprender o sentido dos textos escritos.
- ✓ Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos,...
- ✓ Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información._
- ✓ Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación._
- ✓ Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- ✓ Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura. Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- ✓ Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- ✓ Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso ao redor.
- ✓ Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- ✓ Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
- ✓ Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- ✓ Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos._
- ✓ Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Competencia dixital (CD).

- ✓ Empregar distintas fontes para a procura de información.
- ✓ Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- ✓ Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- ✓ Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- ✓ Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento._
- ✓ Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria._
- ✓ Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- ✓

Aprender a aprender (CAA).

- ✓ Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas,...
- ✓ Aplicar estratexias para mellóraa do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependiente,...
- ✓ Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- ✓ Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- ✓ Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- ✓ Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

- ✓ Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- ✓ Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- ✓ Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

- ✓ Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias._
- ✓ Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas._
- ✓ Ser constante no traballo superando as dificultades.
- ✓ Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- ✓ Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- ✓ Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- ✓ Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- ✓ Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

- ✓ Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- ✓ Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- ✓ Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- **Bloque 2.** Números e Álgebra.
- **Bloque 3.** Xeometría.
- **Bloque 4.** Funcións.
- **Bloque 5.** Estatística e probabilidade.

Todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que nas unidades didácticas se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas".

No desenvolvemento das unidades didácticas aparecen codificados os criterios e estándares de avaliación segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

As unidades didácticas nas que dividimos a materia e que pasamos a desenvolver a continuación serán as seguintes:

AVALIACIÓN	UNIDADE	TÍTULO
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	OS NÚMEROS NATURAIS
	UNIDADE 2	OS NÚMEROS ENTEIROS
	UNIDADE 3	OS NÚMEROS DECIMAIS E AS FRACCIÓNS
	UNIDADE 4	OPERACIÓNS CON FRACCIÓNS
	UNIDADE 5	PROPORCIONALIDADE E PORCENTAXES
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 6	ÁLXEBRA
	UNIDADE 7	ECUACIÓNS
	UNIDADE 8	SISTEMAS DE ECUACIÓNS
	UNIDADE 9	TEOREMA DE PITÁGORAS
	UNIDADE 10	SEMELLANZA
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 11	CORPOS XEOMÉTRICOS
	UNIDADE 12	MEDIDA DO VOLUME
	UNIDADE 13	FUNCIÓNS
	UNIDADE 14	ESTADÍSTICA
	UNIDADE 15	AZAR E PROBABILIDADE

UNIDADE DIDÁCTICA 1: OS NÚMEROS NATURAIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO		1, 2		
OBXECTIVOS		a,b,c,e,f,h,g		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • O conxunto dos números naturais • Operacións con números naturais • A relación de divisibilidade • Números primos e compostos. • Mínimo común múltiplo • Máximo común divisor 	B1.2.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).		CMCCT
	B1.4.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.		CMCCT
	B1.5.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).		CCL CMCCT
	B1.7.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.		CMCCT CAA CSC
	B1.8.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).		CMCCT CSC CSIEE
		MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.		CMCCT
		MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.		CMCCT CAA CCEC
		MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.		CMCCT CSIEE CSC
	B1.12.	MAB1.12.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.		CD CAA
		MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.		CMCCT
		MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.		CMCCT
		MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.		CMCCT
	B2.4.	MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.		CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.2.1.	Resolve problemas de divisibilidade.	Setembro: semana 4 Outubro: semama 1	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.4.1.	Revisa o proceso de resolución e analiza os resultados obtidos		
MAB1.5.1.	E quen de defender o proceso matemático empregado na resolución de exercicios e problemas		
MAB1.7.1.	Utiliza as equivalencias entre as distintas unidades do sistema sesaxesimal.		
MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e valora outras opinións		
MAB1.8.1.	Esfórzase, persevera e acepta razoadamente as críticas en canto ó traballo en matemáticas		
MAB1.8.2.	Presenta interese pola materia		
MAB1.8.4.	Recoñece si un número é múltiplo ou divisor de outro e aplica os criterios de divisibilidade.		
MAB1.12.3.	Recolle información das actividades analizando os puntos fortes e débiles do seu proceso educativo		
MAB2.1.1.	Recoñece, ordena e representa na recta numérica os números naturais.		
MAB2.1.1.	Recoñece os números primos menores que 100.		
MAB2.1.2.	Resolve problemas aritméticos de varias operacións.		
MAB2.1.3.	Coñece algúns dos sistemas de numeración apreciando as vantaxes do sistema decimal.		
MAB2.4.1.	Calcula mentalmente ou por procedementos de elaboración persoal do máximo común divisor e mínimo común múltiplo de números sinxelos.		

UNIDADE DIDÁCTICA 2: OS NÚMEROS ENTEIROS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO	1, 2		
OBXECTIVOS	a,b,c,e,f,h,g		
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> Números positivos e negativos O conxunto dos números enteiros Operacións con números enteiros Potencias de números enteiros Raíces de números enteiros 	B1.4.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
	B1.5.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT
	B1.6.	MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE
	B1.7.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC
	B1.8.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSC CSIEE
		MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC
	B1.12.	MAB1.12.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	CD CAA
	B2.1.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	CMCCT
		MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	CMCCT
MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.		CMCCT	

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.4.1.	Revisa o proceso de resolución e analiza os resultados obtidos	Outubro: semana 2 e 3	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.5.1.	E quen de defender o proceso matemático empregado na resolución de exercicios e problemas		
MAB1.6.2.	Elabora e interpreta mensaxes nos que aparecen números enteiros cuantificando información.		
MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e valora outras opinións		
MAB1.8.1.	Esfórzase, persevera e acepta razoadamente as críticas en canto ó traballo en matemáticas		
MAB1.8.2.	Presenta interese pola materia		
MAB1.8.5.	Coopera na aula		
MAB1.12.3.	Recolle información das actividades analizando os puntos fortes e débiles do seu proceso educativo		
MAB2.1.1.	Representa e ordena números enterios. Interpreta a recta numérica enteira.		
MAB2.1.2.	Resolve problemas aritméticos con números enteiros.		
MAB2.1.3	Realiza operación con números positivos e negativos en expresións sinxelas con operaciónns combinadas. Regra dos signos. Supresión de perénteses. Xerarquía das operaciónns.		

UNIDADE DIDÁCTICA 3: OS NÚMEROS DECIMAIS E AS FRACIÓNS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO 1, 2

OBXECTIVOS a,b,c,e,f,h,g

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Os números decimais • Representación e ordenación de números decimais • Operacións con números decimais • Raiz cadrada dun número decimal • As fraccións • Fraccións e números decimais 	B1.4.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
	B1.5.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT
	B1.7.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC
	B1.8.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSC CSIEE
		MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC
	B1.12.	MAB1.12.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	CD CAA
	B2.1.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	CMCCT
		MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	CMCCT
	B2.2.	MAB2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.	CMCCT
B2.4.	MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	CMCCT	

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.4.1.	Revisa o proceso de resolución e analiza os resultados obtidos	Outubro: semana 4 Novembro: semana 1 e 2	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.5.1.	E quen de defender o proceso matemático empregado na resolución de exercicios e problemas		
MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e valora outras opinións		
MAB1.8.1.	Esfórzase, persevera e acepta razoadamente as críticas en canto ó traballo en matemáticas		
MAB1.8.2.	Presenta interese pola materia		
MAB1.8.5.	Coopera na aula		
MAB1.12.3.	Recolle información das actividades analizando os puntos fortes e débiles do seu proceso educativo		
MAB2.1.1.	Lee e escribe números decimais (ata as millonésimas).		
MAB2.1.1.	Representa números de dúas cifras decimais na recta numérica.		
MAB2.1.2.	Suma, resta, multiplica e divide números decimais.		
MAB2.2.2.	Recoñece fraccións equivalentes.		
MAB2.2.2.	Simplifica fraccións con números pequenos.		
MAB2.2.2.	Reduce fraccións sinxelas a común denominador.		
MAB2.2.2.	Pasa a fracción calquer decimal exacto.		
MAB2.2.2.	Asocia fraccións sinxelas co seu correspondente decimal e viceversa.		
MAB2.4.1.	Aproxima un número ás décimas e as centésimas.		

UNIDADE DIDÁCTICA 4: OPERACIÓNS CON FRACIÓNS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | a,b,c,e,f,h,g

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Suma e resta de fraccións • Multiplicación e división de fraccións • Problemas con fraccións • Potencias e fraccións 	B1.2.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT
	B1.4.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
	B1.5.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT
	B1.7.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC
	B1.8.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSC CSIEE
		MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC
	B1.12.	MAB1.12.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	CD CAA
B2.1.	MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	CMCCT	

	B2.2.	MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	CMCCT
		MAB2.2.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.	CMCCT
	B2.4.	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.2.1.	Resolve problemas sinxelos con números fraccionarios	Novembro: semanas 2, 3 e 4	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.4.1.	Revisa o proceso de resolución e analiza os resultados obtidos		
MAB1.5.1.	E quen de defender o proceso matemático empregado na resolución de exercicios e problemas		
MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e valora outras opinións		
MAB1.8.1.	Esfórzase, persevera e acepta razoadamente as críticas en canto ó traballo en matemáticas		
MAB1.8.2.	Presenta interese pola materia		
MAB1.8.5.	Coopera na aula		
MAB1.12.3.	Recolle información das actividades analizando os puntos fortes e débiles do seu proceso educativo		
MAB2.1.2.	Suma, resta, multiplica e divide fraccións		
MAB2.2.1.	Calcula potencias de base 10 con expoñente enteiro		
MAB2.2.3.	Interpreta cantidades escritas en notación científica.		
MAB2.4.2.	Calcula a fracción dunha cantidade		

UNIDADE DIDÁCTICA 5: PROPORCIONALIDADE E PORCENTAXES

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | a,b,c,d,e,f,h,g

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Razóns e proporcións • Magnitudes directamente proporcionais • Magnitudes inversamente proporcionais • Problemas de proporcionalidade composta • Problemas de repartos proporcionais • Porcentaxes • Problemas con porcentaxes • Interese bancario 	B1.3.	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT CCEC
	B1.4.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
	B1.5.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT
	B1.6.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC
		MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT
	B1.7.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC
	B1.8.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSC CSIEE
		MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC
	B1.12.	MAB1.12.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	CD CAA
	B2.3.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	CMCCT
	B2.5.	MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás.	CMCCT
		MAB2.5.2. Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAB1.3.1.	Completa mentalmente táboas de valores sinxelos correspondentes a magnitudes directa e inversamente proporcionais.	<p style="text-align: center;">Decembro: semanas 1, 2 e 3</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAB1.4.1.	Revisa o proceso de resolución e analiza os resultados obtidos		
MAB1.5.1.	E quen de defender o proceso matemático empregado na resolución de exercicios e problemas		
MAB1.6.1.	Identifica situacións matemáticas na realidade		
MAB1.6.3.	Calcula o interese que produce un capital nun número enteiro de anos para un rédido dado.		
MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e valora outras opinións		
MAB1.8.1.	Esfórzase, persevera e acepta razoadamente as críticas en canto ó traballo en matemáticas		
MAB1.8.2.	Presenta interese pola materia		
MAB1.8.5.	Coopera na aula		
MAB1.12.3.	Recolle información das actividades analizando os puntos fortes e débiles do seu proceso educativo		
MAB2.3.1.	Resolve situacións de aumento ou diminución porcentuais (problemas directos)		
MAB2.5.1.	Recoñece se existe a relación de proporcionailidade (directa ou inversa) entre dúas magnitudes		
MAB2.5.1.	Calcula o termo descoñecido dunha proporción		
MAB2.5.1.	Calcula porcentaxes directos.		
MAB2.5.2.	Resolve problemas de proporcionalidade, con números sinxelos, en situacións cotiás. Aplica o método de redución a unidade e a regra de tres.		

UNIDADE DIDÁCTICA 6: ÁLXEBRA

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO | 1, 2

OBXECTIVOS | a,b,c,d,e,f,h,g

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
		MACB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE
	B1.8.	MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC
		MACB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE
	B5.4.	MACB5.4.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.	CMCCT
		MACB5.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar.	CMCCT CCL
		MACB5.4.3. Asigna probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios sinxelos cuxos resultados son equiprobables, mediante a regra de Laplace, enumerando os sucesos elementais, táboas ou árbores, ou outras estratexias persoais.	CMCCT
		MACB5.4.4. Toma a decisión correcta tendo en conta as probabilidades das distintas opcións en situacións de incerteza.	CSIEE

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MACB1.1.1.	Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados empregando os termos de suceso, probabilidade, aleatorio, determinístico,...	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xuño: semana 1 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra
MACB1.2.1.	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).		
MACB1.6.1.	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese (xogos de azar, sorteos,...)		
MACB1.6.2.	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, e os coñecementos matemáticos necesarios.		
MACB1.8.1.	Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).		
MACB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.		
MACB5.4.1.	Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas. Pon exemplos de experimentos aleatorios e determinísticos.		
MACB5.4.2.	Utiliza o vocabulario axeitado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar: suceso, probabilidade, equiprobables, dependencia, espazo muestral,...		
MACB5.4.3.	Asigna probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios sinxelos mediante a regra de Laplace. Enumera os sucesos elementais dun experimento aleatorio. Fai unha táboa ou diagrama en árbore para representar a situación descrita nun experimento aleatorio. Distingue entre experiencias compostas dependentes e independentes.		
MACB5.4.4.	Toma a decisión correcta nun problema tendo en conta as probabilidades das distintas opcións en situacións de incerteza.		

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

Propúgnase unha **aprendizaxe constructivista**: quen aprende faio construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engranar, tanto polo seu grado de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense axuntar niveis de partida sinxelos, moi asequibles para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos e ás alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. Así, a **metodoloxía será activa e participativa**, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias clave.

É importante a **vinculación a contextos reais dos traballos propostos**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Por outra banda, a **resolución de problemas** será unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas.

Así mesmo, é importante a **proposta de traballos en grupo colaborativo** ante problemas que estimulen a curiosidade e a reflexión do alumnado, xa que, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, permiten desenvolver estratexias de defensa dos seus argumentos fronte aos dos seus compañeiros e compañeiras e seleccionar a resposta máis adecuada para a situación problemática suscitada.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas que o profesorado escollerá en función :

- ✓ Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Utilización do programa Geogebra para entender mellor os contidos, para comprobar as actividades realizadas e, en xeral, como soporte e recurso facilitador da construción de ideas.
- ✓ Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar e descubrir.
- ✓ [Traballos a través da aula virtual do centro.](#)
- ✓ Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 persoas no desenvolvemento das actividades e problemas propostos. ([tendo en conta as medidas de seguridade establecidas nos protocolos covid](#))
- ✓ Posta en común de traballos individuais.

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- O libro da editorial ANAYA do alumnado para a área de Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 3º ESO.
- A proposta didáctica de ANAYA para Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 3º ESO.
- Recursos fotocopiáveis con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación proporcionadas polo profesorado.
- Recursos dixitais da editorial ANAYA para o profesorado, que acompañan á proposta didáctica, e para o alumnado, cos que poderán reforzar e ampliar os contidos estudados.
- O libro dixital da editorial ANAYA.
- Aula virtual do centro
- Lecturas:
 - ✓ Malditas matemáticas: Alicia en el país de los números. Autor: Carlo Frabetti. Colección: El duende verde
 - ✓ Ojalá no hubiese números! . Autor: Esteban Serrano Marugán. Colección:El rompecabezas.
- Dominós matemáticos (de números enteros, de fracciones,...)
- Actividades interactivas propostas en distintas páxinas web:
 - www.anayaeducacion.com
 - www.amolasmates.es
 - www.juntadeandalucia.es/averroes
 - <http://recursostic.educacion.es/descartes/web/>
 - <http://matematicasdivertidas.com/>
- Proxección de vídeos:
 - Serie “Ojo matemático”, Yorkshire TV. Distribuidora en España: Metrovídeo Escuela.
 - Serie “La patrulla matemática”
 - “El poder del 10”
 - “Donald en el país de las matemáticas”

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tal e como sinala o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, nas disposicións xerais, no seu artigo 4º, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Esta materia traballará os elementos transversais a través de diferentes actividades repartidas en todas as unidades didácticas. A modo de exemplo, desacamos:

- **Comprensión lectora:** Lectura e comprensión do texto do inicio das unidades
- **Expresión oral e escrita:** Explicación dos problemas realizados oralmente e por escrito.
- **Tratamiento das tecnoloxías da Información e da Comunicación:** Utilización da calculadora e dos ordenadores da aula de informática do centro (sempre en función da súa dispoñibilidade)
- **Emprendimento:** Autonomía á hora de resolver problemas.
- **Educación cívica e constitucional:** trabállase no día a día, no modo de interactuar e comportarse na aula.

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana de curso pasarémoslle ao alumnado unha avaliación inicial. Dita avaliación servirá para:

- ✓ Saber o nivel do que partimos para poder comezar a desenvolver a programación.
- ✓ Detectar ao alumnado con necesidades educativas específicas e tomar as medidas pertinentes (alumnos para o grupo de reforzo, ACI, alumnos con altas capacidades,...)

Así mesmo, e sempre que o profesor o considere necesario, realizarase unha avaliación inicial ao inicio de cada unha das unidades didácticas.

O resultado destas avaliacións non influirán na cualificación do alumnado.

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

AVALIACIÓN PARCIAIS

Realizaranse tres avaliacións parciais. Durante cada trimestre o profesor realizará probas escritas das unidades que se basearán nos criterios de avaliación presentados na programación, tendo como finalidade a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos relativos a elas. Se nalguna proba escrita se acumulase materia de probas anteriores, poderá establecerse máis peso para dita proba; este peso estará indicado na proba.

Resumimos os criterios de cualificación para cada unha das avaliacións no seguinte cadro, tendo en conta que a nota será convenientemente redondeada sen decimais para obter a cualificación de cada avaliación:

AVALIACIÓN	UNIDADE	Procedementos e instrumentos de avaliación	
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	Probas escritas	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 2		
	UNIDADE 3		
	UNIDADE 4		
	UNIDADE 5		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 6	Probas escritas	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 7		
	UNIDADE 8		
	UNIDADE 9		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 10	Probas escritas	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 11		
	UNIDADE 12		
	UNIDADE 13		
	UNIDADE 14		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%

No que se refire a avaliación e cualificación de cada un dos instrumentos:

- ✓ **Probas escritas:** En toda proba escrita que se realice figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, sendo a cualificación final unha nota entre 0 e 10. As normas e criterios xerais de corrección, serán os seguintes
 - Tódalas follas do exame deberán ter nome ou estar numeradas.

- Non é necesario responder ás preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.
- É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lápis.
- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
- Tamén se valorará a orde, ortografía, claridade e limpeza coa que está realizado o exame, podendo restarse 0,5 puntos como máximo por este concepto.

✓ **Observación do traballo de clase:**

- **Caderno de traballo:** explica o desenrolo das actividades, actividades completas, revisa e completa as anotacións feitas polo profesor/a, é correcta a expresión escrita, limpeza e a presentación.
- Leva o traballo ao día
- Exposición de exercicios na pizarra
- Atende e amosa interese polo traballo da clase.
- Axuda e amosa respecto ós compañeiros.
- A súa relación co profesor/a e compañeiros é correcta.
- Coida o material e as instalacións.

✓ **Tarefas:**

- Adecuación dos contidos ao que se pedía.
- Adecuación dos recursos empregados na súa elaboración.
- Claridade na presentación e/ou exposición.
- Distribución do traballo e funcionamento do equipo (no caso de traballos grupais)

RECUPERACIÓNS

- ✓ Realizarase **unha proba escrita** de recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación parcial.
- ✓ No caso dunha recuperación positiva (nota igual ou superior a 5) esta cualificación substituirá á da avaliación parcial correspondente aos efectos do cálculo da cualificación da avaliación final ordinaria.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

- ✓ Ó final de curso realizarase un exame final ao que se presentarán aqueles alumnos con nota inferior a 5 nalgunha das avaliacións parciais e na correspondente recuperación. Os alumnos que só teñan que recuperar unha avaliación farán o exame final desa avaliación (proba escrita e entrega do traballo correspondente en caso de non telo superado). Os alumnos que teñan que recuperar dúas ou tres avaliacións farán un exame final coa materia de todo o curso. En caso de superar unha avaliación parcial previamente non superada, a nota previa será substituída pola nova cualificación.
- ✓ A cualificación final de xuño será a media das tres avaliacións parciais, redondeada sen decimais, sempre que estas sexan maiores ou iguais a 3.
- ✓ En caso de que o alumno ou alumna non acadara un 3 nalgunha das tres avaliacións parciais a cualificación na avaliación ordinaria será sempre inferior a 5.

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria en setembro, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada.

Esta proba escrita constará de exercicios e problemas que recollerán os aspectos máis importantes da materia e estarán baseados sempre nos estándares de aprendizaxe mínimos que se recollen nesta programación para 3º ESO.

Para acadar unha avaliación positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5. A nota redondearase a un número enteiro.

Sistema de redondeo dunha cualificación (de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria, de recuperación e de pendentos): Unha vez que se teña unha nota final, en tódolos casos redondearase da seguinte maneira: nota menor ou igual que x,5 redondearase a x; nota maior que x,5 redondease a x+1.

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de suscitar as medidas de atención á diversidade habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales.
- Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

En canto as necesidades individuais, a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento sobre o grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Adoptar as medidas organizativas pertinentes:
 - Planificación de que alumnado precisará actividades de reforzo (será na propia aula xa que por motivos organizativos e de horario no centro non é posible facer un agrupamento neste nivel)
 - Seleccionar o alumnado que precisará una adaptación curricular ou apoio educativo por parte da PT ou AL
 - Alumnado con altas capacidades.
 - Alumnado coa materia pendente.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un destes alumnos.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.
- Facer un seguimento eshaustivo destes alumnos e compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

De acordo coa orde do 30 de setembro de 2004 e como consecuencia do Real Decreto 1318/2004 regulámense as actividades de recuperación para alumnos con materias pendentes.

Os contidos serán os mesmos que aparecen na programación dos distintos cursos.

O seguimento dos alumnos que teñan as matemáticas dun curso ou cursos anteriores avaliadas negativamente será responsabilidade do Xefe/a de Departamento coa colaboración do resto de profesorado do departamento . En todo caso estableceranse as seguintes medidas de atención:

- ✓ A materia pendente repartirase en dúas partes. Para cada unha destas partes, estes alumnos/as deberán realizar os boletíns de exercicios de recuperación que o profesor lles propoña e que deberán entregar trimestralmente. Para a súa elaboración os alumnos/as contarán coa axuda dos profesores/as do departamento, que resolverán calquera dúbida.(O profesor quedará eximido de entregar ditos boletíns cando un alumno pase sen entregar os tres boletíns anteriores).
- ✓ O alumno deberá facer dúas probas escritas que se celebrarán a finais do mes de xaneiro e no mes de maio, (procurarase que as datas non sexan próximas a avaliacións parciais ou finais para así facilitar o traballo ó alumnado). Estas probas escritas estarán compostas de cuestións iguais ou semellantes ás dos boletíns que resolveron. Estas probas serán propostas e corrixidas polos membros do Departamento e a súa finalidade será constatar se os alumnos/as acadaron os obxectivos mínimos das matemáticas pendentes, correspondentes á parte que repasaron nos boletíns. Para o cálculo da cualificación final valoraranse os exercicios dos boletíns cun 30% e as probas escritas cun 70%.
- ✓ Para os alumnos que non consigan superar a primeira proba, en maio, a súa segunda proba escrita de pendentes será de toda a materia e esta, xunto coa dos boletíns, será a nota que se terá en conta para obter a cualificación final. Os alumnos que xa superaran a primeira proba escrita farán a segunda coa materia que falte.
- ✓ Considerarase superada a materia pendente en xuño se:
 - O alumno obtén unha cualificación en xuño igual ou superior a 5 na materia de matemáticas do seu curso actual.
 - O alumno obtén unha cualificación igual ou superior a 5 no plan de recuperación da materia pendente, tras facer as probas e entregar os boletíns correspondentes.
- ✓ O alumnado que non supere a materia pendente no mes de maio poderá presentarse á proba escrita extraordinaria do mes de setembro, que se considerará superada cunha nota igual ou superior a 5 (neste caso non haberá dúas partes diferenciadas na proba).

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ó longo de todo o curso tódolos profesores/as do departamento avaliarán o proceso de ensino e a súa propia práctica docente. Os indicadores de logro que se observarán serán os recollidos no seguinte cuestionario:

Consulto e cumpro a programación didáctica ó longo do curso (comprobarase se a temporalización real das unidades didácticas e/ou dos estándares de aprendizaxe, coincide coa temporalización prevista no apartado 3 desta programación. Para elo utilizaranse as táboas de seguinte apartado).	1	2	3	4
Dou a coñecer ós alumnos elementos da programación como os obxectivos, os contidos e os criterios de cualificación.	1	2	3	4
Selecciono as actividades en función do nivel do grupo de alumnos.	1	2	3	4
Adopto estratexias metodolóxicas diversas atendendo á diversidade dos alumnos.	1	2	3	4
Motivo os meus alumnos/as comunicándolles os obxectivos e a finalidade das actividades, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas.	1	2	3	4
Propoño actividades que favorecen o aprendizaxe autónomo (busca de información, traballos, etc.	1	2	3	4
Uso recursos e materiais variados.	1	2	3	4
Coordínome cos demais profesores do departamento.	1	2	3	4
O alumno sabe en que se vai basear a súa avaliación e esta concorda co traballo de aula.	1	2	3	4
Utilizo diferentes tipos de proba para avaliar ós alumnos	1	2	3	4

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ó longo de todo o curso analizaranse os resultados académicos, a consecución por parte dos alumnos dos obxectivos previstos e o nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

- Cubrirase unha táboa como a seguinte:

CURSO	% SUSPENSOS	% APROBADOS	CUMPRIMENTO PROGRAMACIÓN	OBSERVACIÓNS

Nos casos en que os resultados non sexan positivos analizaranse as posibles causas (falta de hábitos correctos de estudo, problemas de base, problemas cognitivos, dificultade dalgúns dos contidos, problemas de comportamento coa consecuente falta de atención, falta de interese pola materia, actividades propostas pouco variadas e repetitivas...) e decidiranse as medidas a tomar conducentes a mellorar eses resultados.

Todo isto farase en reunión de departamento e quedará constancia nas actas de dita reunión.

- Descríbese a continuación unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Contidos das unidades			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos empregados			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Débese ter en conta as medidas de seguridade marcadas polos protocolos covid polo que algunha das actividades citadas quizais non se poidan realizar durante este curso 2021-2022

O Departamento de Matemáticas participará nas seguintes actividades

- ✓ **“Día Mundial das Matemáticas”**, actividade pensada para todos os/as alumnos/as . O día 3 de marzo é o Día Mundial das Matemáticas, polo que durante esa semana porase no antigo salón de actos unha exposición de xogos de enxeño e iranse levando por quendas aos rapaces para que os resolvan. Non cabe dúbida de que a competencia é un das mellores estratexias para estimular o desenvolvemento da operatividade en matemáticas e que mellor que facéndoo a través de xogos.
- ✓ Realizaranse visitas a exposicións matemáticas, con data por determinar.
- ✓ Concurso de fotografía matemática

Polo demais non hai ningunha outra actividade prevista inicialmente. Porén, isto non impide que calquera dos membros do Departamento poda decidir no transcurso do curso participar nalgunha actividade que considere de interese para o alumnado, estando suxeita a autorización necesaria para a súa realización

4º ESO	
MATERIA	MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS
PROFESORES	MARIA DEL MAR PÉREZ IGLESIA

B. OBTIVOS

B1. OBTIVOS DA ESO

B2. OBTIVOS DA MATERIA DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS DE 3º ESO

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Tal e como recolle o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos (aos que faremos referencia no desenvolvemento das unidades didácticas):

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

B2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 4º ESO

A área de Matemáticas de 4.º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Incorporar a terminoloxía matemática á linguaxe habitual co fin de mellorar o rigor e a precisión na comunicación.
- Ampliar o coñecemento sobre os distintos campos numéricos ata chegar a toda clase de números reais, co fin de mellorar o seu coñecemento da realidade e as súas posibilidades de comunicación.
- Cuantificar certos aspectos da realidade para interpretala mellor, empregando distintas clases de números mediante a realización de cálculos axeitados.
- Valorar as virtudes da linguaxe alxébrica e valerse dela para representar situacións diversas e facilitar a resolución de problemas.
- Analizar relacións entre figuras semellantes. Recoñecer triángulos semellantes e os criterios para establecer semellanzas. Aplicar os conceptos de semellanza á resolución de triángulos e o trazado de figuras diversas.
- Utilizar os coñecementos trigonométricos para determinar medicións indirectas relacionadas con situacións de contextos reais.
- Utilizar o coñecemento de vectores para determinar a ecuación dunha recta ou distancia entre dous puntos.
- Coñecer características xerais das funcións, das súas expresións gráfica e analítica, de xeito que poidan formarse xuízos de valor sobre as situacións representadas.
- Utilizar regularidades e leis que rexen os fenómenos de estatística e azar para interpretar as mensaxes sobre xogos e sucesos de toda clase.
- Identificar conceptos matemáticos en situacións de azar analizando de xeito crítico as informacións que recibimos deles polos medios de comunicación.
- Coñecer algúns aspectos básicos sobre o comportamento do azar e probabilidades de certos fenómenos.
- Tomar conciencia das regularidades e leis que rexen os fenómenos de azar e probabilidade.
- Coñecer técnicas heurísticas para a resolución de problemas e desenvolver estratexias persoais, utilizando diversos recursos o mesmo tempo que valorar a riqueza do proceso de resolución matemático.
- Actuar na resolución de problemas e no resto das actividades matemáticas de acordo con modos matemáticos como: a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para cambiar de punto de vista, a perseveranza na busca de solucións, a particularización, xeneralización, sistematización...
- Descubrir e apreciar as súas propias capacidades matemáticas para afrontar situacións nas que as necesiten.

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, as competencias clave do currículo as que faremos referencia ao longo da programación son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afines á área. Deste xeito, traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a cada unha das competencias:

Comunicación lingüística (CCL).

- ✓ Comprender o sentido dos textos escritos.
- ✓ Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos,...
- ✓ Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información._
- ✓ Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación._
- ✓ Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- ✓ Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura. Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- ✓ Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- ✓ Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso ao redor.
- ✓ Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- ✓ Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
- ✓ Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- ✓ Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos._
- ✓ Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Competencia dixital (CD).

- ✓ Empregar distintas fontes para a procura de información.
- ✓ Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- ✓ Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- ✓ Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- ✓ Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento._
- ✓ Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria._
- ✓ Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Aprender a aprender (CAA).

- ✓ Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas,...
- ✓ Aplicar estratexias para mellóraa do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependiente,...
- ✓ Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- ✓ Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- ✓ Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- ✓ Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

- ✓ Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- ✓ Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- ✓ Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

- ✓ Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias._
- ✓ Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas._
- ✓ Ser constante no traballo superando as dificultades.
- ✓ Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- ✓ Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- ✓ Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- ✓ Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- ✓ Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

- ✓ Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- ✓ Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- ✓ Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- **Bloque 2.** Números e Álgebra.
- **Bloque 3.** Xeometría.
- **Bloque 4.** Funcións.
- **Bloque 5.** Estatística e probabilidade.

Todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que nas unidades didácticas se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas".

No desenvolvemento das unidades didácticas aparecen codificados os criterios e estándares de avaliación segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As unidades didácticas nas que dividimos a materia e que pasamos a desenvolver a continuación serán as seguintes:

AVALIACIÓN	UNIDADE	TÍTULO
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	NÚMEROS ENTEIROS E RACIONAIS
	UNIDADE 2	NÚMEROS DECIMAIIS
	UNIDADE 3	NÚMEROS REAIS
	UNIDADE 4	PROBLEMAS ARITMÉTICOS
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 5	EXPRESIÓN ALXEBRAICAS
	UNIDADE 6	ECUACIÓN
	UNIDADE 7	SISTEMAS DE ECUACIÓN
	UNIDADE 8	FUNCIÓN. CARACTERÍSTICAS.
	UNIDADE 9	FUNCIÓN ELEMENTAIS
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 10	XEOMETRÍA
	UNIDADE 11	ESTATÍSTICA
	UNIDADE 12	DISTRIBUCIÓN BIDIMENSIONAIS
	UNIDADE 13	PROBABILIDADE

UNIDADE DIDÁCTICA 1: NÚMEROS ENTEIROS E RACIONAIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES CONTIDO	DE	1, 2	
OBXECTIVOS	a,b,c,d,e,f,g,h,l,m,ñ,o		
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> Números naturais Números enteiros Números racionais. Fraccións Potencias de expoñente enteiro 	B1.1.	MAPB1.1.1. Expressa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados	CCL CMCCT
	B1.2.	MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	CMCCT
		MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT
	B1.4.	MAPB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
	B1.7.	MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CAA CMCCT
	B1.8.	MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC
		MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSIEE CSC
	B1.10	MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	CAA CMCCT
	B1.11	MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CD CMCCT

	B2.1.	MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	CMCCT
		MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación.	CMCCT
		MAPB2.1.5 Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirrectas, sobre a recta numérica	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAPB1.1.1.	Expresa verbalmente eazona o proceso seguido para a resolución de exercicios e problemas	Setembro: semana 4 Outubro: semana 1	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAPB1.2.3.	Realiza estimacións e coxecturas sobre os resultados		
MAPB1.2.4.	Usa técnicas heurísticas		
MAPB1.4.1.	Revisa e analiza o proceso de resolución		
MAPB1.7.1.	Reflexiona e obtén conclusións sobre o proceso de resolución		
MAPB1.8.1.	Presenta unha actitude axeitada cara a materia		
MAPB1.8.2.	Presenta axeitadamente o seu traballo		
MAPB1.8.5.	Realiza actividades cocoperativas		
MAPB1.10.1.	Reflexiona e valora os procesos usados para a resolución dos problemas e exercicios		
MAPB1.11.1.	Usa de forma axeitada, oportuna e con eficacia a calculadora.		
MAPB2.1.1.	Resolve problemas numéricos con números enteiros e fraccionarios.		
MAPB2.1.2.	Opera con soltura con números positivos e negativos en operación combinadas.		
MAPB2.1.2.	Manexa as fraccións: uso e operacións.		
MAPB2.1.2	Opera e simplifica con potencias de expoñente enteiro.		
MAPB2.1.2.	Coñece e aplica a xerarquía das operacións e o uso de préntese		
MAPB2.1.5	Representa os números enteiros e racionais sinxelos na recta real		

UNIDADE DIDÁCTICA 2: NÚMEROS DECIMAIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO		1, 2	
OBXECTIVOS		a,b,c,d,e,f,g,h,l,m,ñ,o	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Importancia do sistema de numeración decimal • Tipos de números decimais • Paso de decimala fracción • Uso de cantidades aproximadas • A notación científica 	B1.1.	MAPB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados	CCL CMCCT
	B1.2.	MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	CCL CMCCT
		MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT
	B1.4.	MAPB1.4.1 Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
	B1.7.	MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CAA CMCCT
	B1.8.	MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC
		MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CAA CCEC
	B1.10	MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	CMCCT CAA
	B2.1.	MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa	CMCCT
		MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación.	CMCCT
		MAPB2.1.3. Realiza estimacións e vulga se os resultados obtidos son razoables	CMCCT
		MAPB2.1.4. . Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos.	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	B1.8.	MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC
		MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSIEE CSC
	B1.10.	MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	CMCCT CAA
	B5.1.	MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística..	CCL CMCCT
	B5.2.	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	CMCCT
	B5.3.	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos..	CMCCT
MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas..		CMCCT	

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MAPB1.1.1.	Expresa verbalmente eazona o proceso seguido para a resolución de exercicios e problemas	Maio: semana 4 Xuño: semana 1	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa do traballo diario: caderno de traballo, recollida de exercicios, preguntas orais ao comezo de cada sesión • Evaluación de contidos: probas escritas correspondentes á unidade. • Evaluación de competencias: probas escritas correspondentes á unidade, exposición de exercicios na pizarra.
MAPB1.2.3.	Realiza estimacións e coxecturas sobre os resultados		
MAPB1.2.4.	Usa técnicas heurísticas		
MAPB1.4.1.	Revisa e analiza o proceso de resolución		
MAPB1.7.1.	Reflexiona e obtén conclusións sobre o proceso de resolución		
MAPB1.8.1.	Presenta unha actitude axeitada cara a materia		
MAPB1.8.2.	Presenta axeitadamente o seu traballo		
MAPB1.8.5.	Realiza actividades cocoperativas		
MAPB1.10.1.	Reflexiona e valora os procesos usados para a resolución dos problemas e exercicios		
MAPB5.1.1.	Distingue sucesos seguros, probables e improbables. Así como os equiprobables e outros que non o son.		
MAPB5.1.1.	Recoñece o espazo mostral dunha experiencia aleatoria		
MAPB5.1.1.	Coñece a diferenza entre sucesos elementais e outros sucesos		
MAPB5.1.1.	Recoñece experiencias dependentes e independentes		
MAPB5.2.1.	Recoñece que os fenómenos do azar están sometidos a leis e regularidades		
MAPB5.3.1.	Asigna probabilidades a sucesos elementais de experiencias regulares e irregulares		
MAPB5.3.1.	Coñece e interpreta a lei dos grandes números		
MAPB5.3.1.	Aplica con seguridade a lei de Laplace		
MAPB5.3.2.	Calcula probabilidades en experiencias compostas sinxelas usando un diagrama de árbore		

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

Propúgnase unha **aprendizaxe constructivista**: quen aprende faio construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engranar, tanto polo seu grado de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense axuntar niveis de partida sinxelos, moi asequibles para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos e ás alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. Así, a **metodoloxía será activa e participativa**, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias clave.

É importante a **vinculación a contextos reais dos traballos propostos**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Por outra banda, a **resolución de problemas** será unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas.

Así mesmo, é importante a **proposta de traballos en grupo colaborativo** ante problemas que estimulen a curiosidade e a reflexión do alumnado, xa que, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, permiten desenvolver estratexias de defensa dos seus argumentos fronte aos dos seus compañeiros e compañeiras e seleccionar a resposta máis adecuada para a situación problemática suscitada.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas que o profesorado escollerá en función :

- ✓ Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Utilización do programa Geogebra para entender mellor os contidos, para comprobar as actividades realizadas e, en xeral, como soporte e recurso facilitador da construción de ideas.
- ✓ Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar e descubrir.
- ✓ [Traballos a través da aula virtual do centro.](#)
- ✓ Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 persoas no desenvolvemento das actividades e problemas propostos. ([tendo en conta as medidas de seguridade establecidas nos protocolos covid](#))
- ✓ Posta en común de traballos individuais.

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- O libro da editorial ANAYA do alumnado para a área de Matemáticas orientadas as ensinanzas aplicadas de 4º ESO.
- A proposta didáctica de ANAYA para Matemáticas 4º ESO.
- Recursos fotocopiáveis con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación proporcionadas polo profesorado.
- Recursos dixitais da editorial ANAYA para o profesorado, que acompañan á proposta didáctica, e para o alumnado, cos que poderán reforzar e ampliar os contidos estudados.
- O libro dixital da editorial ANAYA.
- A aula virtual do centro
- Lecturas:
 - ✓ Malditas matemáticas: Alicia en el país de los números. Autor: Carlo Frabetti. Colección: El duende verde
 - ✓ Ojalá no husiese números! . Autor: Esteban Serrano Marugán. Colección: El rompecabezas.
- Dominós matemáticos (de números enteros, de fracciones,...)
- Actividades interactivas propostas en distintas páxinas web:
 - www.anayaeducacion.com
 - www.amolasmates.es
 - www.juntadeandalucia.es/averroes
 - <http://recursostic.educacion.es/descartes/web/>
 - <http://matematicasdivertidas.com/>
- Proxección de vídeos:
 - Serie “Ojo matemático”, Yorkshire TV. Distribuidora en España: Metrovídeo Escuela.
 - Serie “La patrulla matemática”
 - “El poder del 10”
 - “Donald en el país de las matemáticas”

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tal e como sinala o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, nas disposicións xerais, no seu artigo 4º, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Esta materia traballará os elementos transversais a través de diferentes actividades repartidas en todas as unidades didácticas. A modo de exemplo, desacamos:

- **Comprensión lectora:** Lectura e comprensión do texto do inicio das unidades
- **Expresión oral e escrita:** Explicación dos problemas realizados oralmente e por escrito.
- **Tratamiento das tecnoloxías da Información e da Comunicación:** Utilización da calculadora e dos ordenadores da aula de informática do centro (sempre en función da súa dispoñibilidade)
- **Emprendimento:** Autonomía á hora de resolver problemas.
- **Educación cívica e constitucional:** Trabállase no día a día, no modo de interactuar e comportarse na aula.

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana de curso pasarémoslle ao alumnado unha avaliación inicial. Dita avaliación servirá para:

- ✓ Saber o nivel do que partimos para poder comezar a desenvolver a programación.
- ✓ Detectar ao alumnado con necesidades educativas específicas e tomar as medidas pertinentes (alumnos para o grupo de reforzo, ACI, alumnos con altas capacidades,...)

Así mesmo, e sempre que o profesor o considere necesario, realizarase unha avaliación inicial ao inicio de cada unha das unidades didácticas.

O resultado destas avaliacións non influirán na cualificación do alumnado.

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

AVALIACIÓN PARCIAIS

Realizaranse tres avaliacións parciais. Durante cada trimestre o profesor realizará como mínimo dúas probas escritas que se basearán nos criterios de avaliación das unidades avaliadas, tendo como finalidade a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos relativos a elas. Se nalgunha proba escrita se acumula materia de probas anteriores, poderá establecerse máis peso para dita proba; este peso estará indicado na proba.

Resumimos os criterios de cualificación para cada unha das avaliacións no seguinte cadro, tendo en conta que a nota será convenientemente redondeada sen decimais para obter a cualificación de cada avaliación:

AVALIACIÓN	UNIDADE	Procedementos e instrumentos de avaliación	
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	Proba escrita	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 2		
	UNIDADE 3	Proba escrita	
	UNIDADE 4		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 5	Proba escrita	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 6	Proba escrita	
	UNIDADE 7		
	UNIDADE 8	Proba escrita	
	UNIDADE 9		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 10	Proba escrita	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 11	Proba escrita	
	UNIDADE 12		
	UNIDADE 13		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%

No que se refire a avaliación e cualificación de cada un dos instrumentos:

- ✓ **Probas escritas:** En toda proba escrita que se realice figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, sendo a cualificación final unha nota entre 0 e 10. As normas e criterios xerais de corrección, serán os seguintes
 - Tódalas follas do exame deberán ter nome ou estar numeradas.
 - Non é necesario responder ás preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.

- É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lápis.
- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
- Tamén se valorará a orde, ortografía, claridade e limpeza coa que está realizado o exame, podendo restarse 0,5 puntos como máximo por este concepto.

✓ **Observación do traballo de clase:**

- **Caderno de traballo:** explica o desenrolo das actividades con todas as actividades completas, revisa e completa as anotacións feitas polo profesor/a, é correcta a expresión escrita, limpeza e a presentación
- Leva o traballo ao día
- Exposición de exercicios na pizarra
- Atende e amosa interese polo traballo da clase.
- Axuda e amosa respecto ós compañeiros.
- A súa relación co profesor/a e compañeiros é correcta.
- Coida o material e as instalacións.

✓ **Tarefas:**

- Adecuación dos contidos ao que se pedía.
- Adecuación dos recursos empregados na súa elaboración.
- Claridade na presentación e/ou exposición.
- Distribución do traballo e funcionamento do equipo (no caso de traballos grupais)

RECUPERACIÓNS

- ✓ Realizarase **unha proba escrita** de recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación parcial.
- ✓ No caso dunha recuperación positiva (nota igual ou superior a 5) esta cualificación substituirá á da avaliación parcial correspondente aos efectos do cálculo da cualificación da avaliación final ordinaria.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

- ✓ Ó final de curso realizarase un exame final ao que se presentarán aqueles alumnos con nota inferior a 5 nalgunha das avaliacións parciais e na correspondente recuperación. Os alumnos que só teñan que recuperar unha avaliación farán o exame final desa avaliación. Os alumnos que teñan que recuperar dúas ou tres avaliacións farán un exame final coa materia de todo o curso. En caso de superar unha avaliación parcial previamente non superada, a nota previa será substituída pola nova cualificación.
- ✓ A cualificación final de xuño será a media das tres avaliacións parciais, redondeada sen decimais, sempre que estas sexan maiores ou iguais a 3.
- ✓ En caso de que o alumno ou alumna non acadara un 3 nalgunha das tres avaliacións parciais a cualificación na avaliación ordinaria será sempre inferior a 5.

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria en setembro, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada.

Esta proba escrita constará de exercicios e problemas que recollerán os aspectos máis importantes da materia e estarán baseados sempre nos estándares de aprendizaxe mínimos que se recollen nesta programación para 4º ESO.

Para acadar unha avaliación positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5. A nota redondearase a un número enteiro.

Sistema de redondeo dunha cualificación (de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria, de recuperación e de pendentos): Unha vez que se teña unha nota final, en tódolos casos redondearase da seguinte maneira: nota menor ou igual que $x,5$ redondearase a x ; nota maior que $x,5$ redondease a $x+1$.

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de suscitar as medidas de atención á diversidade debemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares._
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales._
- Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

En canto as necesidades individuais, a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento sobre o grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Adoptar as medidas organizativas pertinentes:
 - Planificación de que alumnado irá ao agrupamento de matemáticas (revisable e modificable ao longo do curso)
 - Seleccionar o alumnado que precisará una adaptación curricular ou apoio educativo por parte da PT ou AL
 - Alumnado con altas capacidades.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un destes alumnos.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a evaluar os progresos destes estudantes.
- Facer un seguimento eshaustivo destes alumnos e compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor._

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os contidos serán os mesmos que aparecen nas programacións dos diferentes cursos .

O seguimento dos alumnos que teñan as matemáticas dun curso ou cursos anteriores avaliadas negativamente serán responsabilidade do xefe/a de departamento. En todo caso establecese as seguintes medidas de atención:

8. A materia pendente repartirase en dúas partes. Para cada una destas, estes alumnos/as deberán de realizar exercicios de recuperación que o profesor lles propoña e que deberán entregar trimestralmente. Para a súa elaboración os alumnos contarán coa axuda dos profesores/as do departamento, que resolverán calquera dúbida que se lles plantese. En caso de ter máis dun nivel suspenso farán unicamente os exercicios do último curso, pois, ó ser una asignatura progresiva aprobando estes aprobarán os anteriores.

O profesor quedará eximido de entregar ditos boletíns de exercicios cando un alumno pase sen entregar os tres boletíns anteriores.

9. O alumnado coa materia pendente deberá facer os exames que se celebrarán a finais de mes de xaneiro e no mes de maio, procurarase que as datas no sexan próximas as avaliacións parciais ou finais para así facilitar o traballo ó alumnado. Estas probas escritas estarán compostas de cuestións iguais ou semellantes as que resolveron nos boletíns. Estas probas serán propostas e corrixiadas polos membros do departamento e a súa finalidade será constatar se os alumnos acadaron os obxectivos mínimos das materias pendentes, correspondentes á parte que repasaron nos boletíns.

10. Para os alumnos que superen as dúas probas escritas (nota igual ou superior a 5 en cada una delas) farase a media das dúas cualificacións. Os alumnos que non consigan superar a primeira proba, farán en maio un exame final de toda a materia.

11. Considerarase superada a materia pendente se en cada parte se obtén una nota igual ou superior a 5, e farase entón a media das dúas cualificacións. En caso contrario, a cualificación sempre será igual ou inferior a 4.

12. O alumnado que non supera a materia pendente no mes de maio poderá presentarse á proba escrita extraordinaria do mes de setembro, que se considerará superada cunha nota igual ou superior a 5 (neste caso non haberá dúas partes diferenciadas na proba)

13. Para obter a nota final, redondearase segundo se indicou nos criterios xerais.

14. Valoraranse os exercicios co 30% da nota e o exame co 70%.

15. Para os alumnos que sigan un curso PMAR considerarase que recuperan con só aprobar o ámbito.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ó longo de todo o curso tódolos profesores/as do departamento avaliarán o proceso de ensino e a súa propia práctica docente. Os indicadores de logro que se observarán serán os recollidos no seguinte cuestionario:

Consulto e cumpro a programación didáctica ó longo do curso (comprobarase se a temporalización real das unidades didácticas e/ou dos estándares de aprendizaxe, coincide coa temporalización prevista no apartado 3 desta programación. Para elo utilizaranse as táboas de seguinte apartado).	1	2	3	4
Dou a coñecer ós alumnos elementos da programación como os obxectivos, os contidos e os criterios de cualificación.	1	2	3	4
Selecciono as actividades en función do nivel do grupo de alumnos.	1	2	3	4
Adopto estratexias metodolóxicas diversas atendendo á diversidade dos alumnos.	1	2	3	4
Motivo os meus alumnos/as comunicándolles os obxectivos e a finalidade das actividades, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas.	1	2	3	4
Propoño actividades que favorecen o aprendizaxe autónomo (busca de información, traballos, etc.	1	2	3	4
Uso recursos e materiais variados.	1	2	3	4
Coordínome cos demais profesores do departamento.	1	2	3	4
O alumno sabe en que se vai basear a súa avaliación e esta concorda co traballo de aula.	1	2	3	4
Utilizo diferentes tipos de proba para avaliar ós alumnos	1	2	3	4

I. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ó longo de todo o curso analizaranse os resultados académicos, a consecución por parte dos alumnos dos obxectivos previstos e o nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

- Cubrirase unha táboa como a seguinte:

CURSO	% SUSPENSOS	% APROBADOS	CUMPRIMENTO PROGRAMACIÓN	OBSERVACIÓNS

Nos casos en que os resultados non sexan positivos analizaranse as posibles causas (falta de hábitos correctos de estudo, problemas de base, problemas cognitivos, dificultade dalgúns dos contidos, problemas de comportamento coa consecuente falta de atención, falta de interese pola materia, actividades propostas pouco variadas e repetitivas...) e decidiranse as medidas a tomar conducentes a mellorar eses resultados.

- Descríbese a continuación unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Contidos das unidades			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos empregados			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Débese ter en conta as medidas de seguridade marcadas polos protocolos covid polo que algunha das actividades citadas quizais non se poidan realizar durante este curso 2021-2022

O Departamento de Matemáticas participará nas seguintes actividades

- ✓ **“Día Mundial das Matemáticas”**, actividade pensada para todos os/as alumnos/as . O día 3 de marzo é o Día Mundial das Matemáticas, polo que durante esa semana porase no antigo salón de actos unha exposición de xogos de enxeño e iranse levando por quendas aos rapaces para que os resolvan. Non cabe dúbida de que a competencia é un das mellores estratexias para estimular o desenvolvemento da operatividade en matemáticas e que mellor que facéndoo a través de xogos.
- ✓ Realizaranse visitas a exposicións matemáticas, con data por determinar.
- ✓ Concurso de fotografía matemática
- ✓ **PLAN PROXECTA METEOESCOLAS**, coa realización dalgunha das actividades do plan.

Polo demais non hai ningunha outra actividade prevista inicialmente. Porén, isto non impide que calquera dos membros do Departamento poda decidir no transcurso do curso participar nalgunha actividade que considere de interese para o alumnado, estando suxeita a autorización necesaria para a súa realización.

4º ESO	
MATERIA	MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS
PROFESORES	VERÓNICA LOSADA GONZÁLEZ

B. OBTIVOS

B1. OBTIVOS DA ESO

B2. OBTIVOS DA MATERIA DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS DE 3º ESO

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

B. OBXECTIVOS

B1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Tal e como recolle o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos (aos que faremos referencia no desenvolvemento das unidades didácticas):

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

B2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS DE 4º ESO

A área de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas de 4º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- Identificar e expresar os pasos para a resolución de diferentes tipoloxías de problemas.
- Coñecer e utilizar diferentes estratexias para a resolución de problemas.
- Analizar e describir distintas situacións para poder facer predicións.
- Partir de problemas resoltos e profundar en diferentes cuestións, contextos próximos ao alumno.
- Coñecer, identificar e desenvolver procesos de matematización na realidade cotiá do alumno.
- Identificar, cultivar e desenvolver as actitudes persoais inherentes ao que facer matemático.
- Identificar os bloqueos emocionais ante os problemas atopados.
- Tomar decisións sobre situacións que acontecen na vida cotiá do alumno.
- Coñecer e utilizar as ferramentas tecnolóxicas para realizar cálculos diferentes.
- Empregar as Tecnoloxías da Información e Comunicación no seu proceso de aprendizaxe desde unha análise e procura de información adecuados para facilitar a interacción.
- Utilizar as propiedades dos números racionais en operacións a través do cálculo adecuado na resolución de problemas.
- Manexar expresións simbólicas en situacións numéricas ante casos sinxelos que inclúan patróns *recursivos.
- Coñecer e empregar a linguaxe alxébrica para expresar enunciados sacando a información relevante e transformándoa.
- Resolver problemas do día a día a través de formulacións de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas.
- Identificar e describir as características das figuras planas e os corpos xeométricos elementais coas súas configuracións xeométricas.
- Coñecer e utilizar o teorema de Tales, as fórmulas para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles obtendo as medidas de lonxitudes, áreas e volumes dos corpos tomados do contexto real.
- Facer cálculos das dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos coñecendo a escala.
- Identificar as transformacións dunha figura a outra mediante movemento no plano, analizando deseños cotiáns, obras de arte e configuracións da natureza.
- Identificar centros, eixos e planos de *simetría de figuras planas e de *poliedros.
- Coñecer o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.
- Identificar os elementos do estudo das funcións e a súa representación gráfica.
- Identificar e recoñecer situacións de relación funcional da vida cotiá que se describen mediante funcións *cuadráticas e calcular os seus parámetros e características.

- Realizar informacións estatísticas con datos a través de táboas e gráficas adecuadas con conclusións que representan á poboación estudada.
- Facer cálculos sobre os parámetros de posición e dispersión dunha variable estatística para resumir datos e facer comparacións.
- Facer unha análise sobre a información estatística que aparece nos medios de comunicación desde a súa representatividade e fiabilidade.
- Facer estimacións a partir de posibles sucesos asociados a experimentos sinxelos calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore.

C. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, as competencias clave do currículo as que faremos referencia ao longo da programación son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afines á área. Deste xeito, traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a cada unha das competencias:

Comunicación lingüística (CCL).

Para fomentar o seu desenvolvemento desde a área de Matemáticas débese insistir na incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual e a adecuada precisión no seu uso e por outra banda en que os contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos.

Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descriptor de cada un destes indicadores.

Os descritores que priorizaremos serán:

- ✓ Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- ✓ Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- ✓ Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor
- ✓ Manter conversacións sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- ✓ Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Esta área posibilita en todos e cada un dos seus aspectos a competencia matemática, a partir do coñecemento dos contidos e a súa variedade de procedementos de cálculo, análise, medida e estimación da realidade que envolve aos alumnos como instrumento imprescindible no desenvolvemento do pensamento dos alumnos e compoñente esencial de comprensión.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- ✓ Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- ✓ Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- ✓ Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder a preguntas.
- ✓ Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- ✓ Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

- ✓ Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

Competencia dixital (CD).

A lectura e creación de gráficas, a organización da información en forma analítica e comparativa, a modelización da realidade, a introdución á linguaxe gráfica e estatística, o uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas e outros procesos matemáticos contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- ✓ Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- ✓ Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- ✓ Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- ✓ Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- ✓ Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- ✓ Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Aprender a aprender (CAA).

A autonomía na resolución de problemas en Matemáticas, xunto coa *verbalización do proceso de resolución axuda á reflexión sobre o aprendido, favorecendo esta competencia.

Para o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender é tamén necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

Os descritores que adestraremos cos alumnos serán os seguintes:

Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

- ✓ Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- ✓ Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente
- ✓ Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- ✓ Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

A utilización de estratexias persoais de cálculo e de resolución de problemas facilita aceptar outros puntos de vista, o que é indispensable á hora de realizar un traballo cooperativo e en equipo. Recoñecer e valorar as achegas alleas, enriquece ao alumno.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- ✓ Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- ✓ Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- ✓ Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- ✓ Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- ✓ Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

As estratexias matemáticas como a resolución de problemas, que inclúen a planificación, a xestión do tempo e dos recursos, a valoración dos resultados e a argumentación para defender o proceso e os resultados, axudan ao desenvolvemento desta competencia. Esta axuda será maior na medida en que se fomente actitudes de confianza e de autonomía na resolución de situacións abertas e problemas relacionados coa realidade concreta que vive o alumno.

Os descritores que adestraremos son:

- ✓ Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- ✓ Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- ✓ Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- ✓ Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- ✓ Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- ✓ Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
- ✓ Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e expresión cultural das sociedades. Igualmente o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- ✓ Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- ✓ Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- ✓ Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- ✓ Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- ✓ Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

D. UNIDADES DIDÁCTICAS

O currículo de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas está organizado en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- **Bloque 2.** Números e Álgebra.
- **Bloque 3.** Xeometría.
- **Bloque 4.** Funcións.
- **Bloque 5.** Estatística e probabilidade.

Todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que nas unidades didácticas se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas".

No desenvolvemento das unidades didácticas aparecen codificados os criterios e estándares de avaliación segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As unidades didácticas nas que dividimos a materia e que pasamos a desenvolver a continuación serán as seguintes:

AVALIACIÓN	UNIDADE	TÍTULO
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	NÚMEROS REAIS
	UNIDADE 2	POLINOMIOS E FRACCIÓNS ALXÉBRICAS
	UNIDADE 3	ECUACIÓNS, INECUACIÓNS E SISTEMAS
	UNIDADE 4	FUNCIÓNS. CARACTERÍSTICAS
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 5	FUNCIÓNS ELEMENTAIS
	UNIDADE 6	SEMELLANZA. TRIGONOMETRÍA
	UNIDADE 7	XEOMETRÍA ANALÍTICA
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 8	ESTATÍSTICA
	UNIDADE 9	ESTATÍSTICA BIDIMENSIONAL
	UNIDADE 10	COMBINATORIA
	UNIDADE 11	CÁLCULO DE PROBABILIDADES

UNIDADE DIDÁCTICA 1: NÚMEROS REAIS

D1. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUES DE CONTIDO		1, 2	
OBXECTIVOS		a, b,c, d, e, f, g, h, l, m, n, ñ, o	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Números irracionais. • Números reais: a recta real. • Intervalos e semirectas. • Raíces e radicais. • Operacións con radicais. • Números aproximados. Erros. • Notación científica • Logaritmos. • Resolución de problemas. 	B1.1.	MACB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT
	B1.2.	MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT
		MACB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT
		MACB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT
		MACB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT CAA
	B1.6.	MACB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT
	B1.8.	MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC
		MACB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT
		MACB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT
		MACB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC
	B2.1.	MACB2.1.1. Recoñece distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais e irracionais), indica o criterio utilizado para a súa distinción e utilízao para representar e interpretar adecuadamente información cuantitativa.	CMCCT
		MACB2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilízalos en contextos de resolución de problemas.	CMCCT
	B2.2.	MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada.	CMCCT
		MACB2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados.	CMCCT
		MACB2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa deficiencia o mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos.	CMCCT

		MACB2.2.6. Compara, ordena clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas.	CMCCT
		MAC2.2.7. Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos específicos dos números.	CMCCT

D2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Propúgnase unha **aprendizaxe constructivista**: quen aprende faio construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engranar, tanto polo seu grado de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense axuntar niveis de partida sinxelos, moi asequibles para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos e ás alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. Así, a **metodoloxía será activa e participativa**, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias clave.

É importante a **vinculación a contextos reais dos traballos propostos**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Por outra banda, a **resolución de problemas** será unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas.

Así mesmo, é importante a **proposta de traballos en grupo colaborativo** ante problemas que estimulen a curiosidade e a reflexión do alumnado, xa que, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, permiten desenvolver estratexias de defensa dos seus argumentos fronte aos dos seus compañeiros e compañeiras e seleccionar a resposta máis adecuada para a situación problemática suscitada.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas que o profesorado escollerá en función :

- ✓ Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Utilización do programa Geogebra para entender mellor os contidos, para comprobar as actividades realizadas e, en xeral, como soporte e recurso facilitador da construción de ideas.
- ✓ Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar e descubrir.
- ✓ [Traballos a través da aula virtual do centro.](#)
- ✓ Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 persoas no desenvolvemento das actividades e problemas propostos. ([tendo en conta as medidas de seguridade establecidas nos protocolos covid](#))
- ✓ Posta en común de traballos individuais.

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- O libro da editorial ANAYA do alumnado para a área de Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 4º ESO.
- A proposta didáctica de ANAYA para Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 4º ESO.
- Recursos fotocopiabiles con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación proporcionadas polo profesorado.
- Recursos dixitais da editorial ANAYA para o profesorado, que acompañan á proposta didáctica, e para o alumnado, cos que poderán reforzar e ampliar os contidos estudados.
- O libro dixital da editorial ANAYA.
- Aula virtual do centro
- Lecturas:
 - ✓ Malditas matemáticas:Alicia en el país de los números. Autor: Carlo Frabetti. Colección: El duende verde
 - ✓ Ojalá no hubiese números! . Autor:Esteban Serrano Marugán. Colección:El rompecabezas.
- Dominós matemáticos (de números enteros, de fracciones,...)
- Actividades interactivas propostas en distintas páxinas web:
 - www.anayaeducacion.com
 - www.amolasmates.es
 - www.juntadeandalucia.es/averroes
 - <http://recursostic.educacion.es/descartes/web/>
 - <http://maticasdivertidas.com/>
- Proxección de vídeos:
 - Serie “Ojo matemático”, Yorkshire TV. Distribuidora en España: Metrovídeo Escuela.
 - Serie “La patrulla matemática”
 - “El poder del 10”
 - “Donald en el país de las matemáticas”

G. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tal e como sinala o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, nas disposicións xerais, no seu artigo 4º, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Esta materia traballará os elementos transversais a través de diferentes actividades repartidas en todas as unidades didácticas. A modo de exemplo, desacamos:

- **Comprensión lectora:** Lectura e comprensión do texto do inicio das unidades
- **Expresión oral e escrita:** Explicación dos problemas realizados oralmente e por escrito.
- **Tratamiento das tecnoloxías da Información e da Comunicación:** Utilización da calculadora e dos ordenadores da aula de informática do centro (sempre en función da súa dispoñibilidade)
- **Emprendimento:** Autonomía á hora de resolver problemas.
- **Educación cívica e constitucional:** Trabállase no día a día, no modo de interactuar e comportarse na aula.

H. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

H1. AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana de curso pasarémoslle ao alumnado unha avaliación inicial. Dita avaliación servirá para:

- ✓ Saber o nivel do que partimos para poder comezar a desenvolver a programación.
- ✓ Detectar ao alumnado con necesidades educativas específicas e tomar as medidas pertinentes (alumnos para o grupo de reforzo, ACI, alumnos con altas capacidades,...)

Así mesmo, e sempre que o profesor o considere necesario, realizarase unha avaliación inicial ao inicio de cada unha das unidades didácticas.

O resultado destas avaliacións non influirán na cualificación do alumnado.

H2. AVALIACIÓN CONTINUA

AVALIACIÓN PARCIAIS

Realizaranse tres avaliacións parciais. Durante cada trimestre o profesor realizará probas escritas das unidades que se basearán nos criterios de avaliación presentados na programación, tendo como finalidade a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos relativos a elas. Se nalgunha proba escrita se acumúlase materia de probas anteriores, poderá establecerse máis peso para dita proba; este peso estará indicado na proba.

Resumimos os criterios de cualificación para cada unha das avaliacións no seguinte cadro, tendo en conta que a nota será convenientemente redondeada sen decimais para obter a cualificación de cada avaliación:

AVALIACIÓN	UNIDADE	Procedementos e instrumentos de avaliación	
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1	Proba escrita	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 2	Proba escrita	
	UNIDADE 3		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%
2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 4	Proba escrita	Entrega de tarefas
	UNIDADE 5		
	UNIDADE 6	Proba escrita	Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 7		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%
3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 8	Proba escrita	Entrega de tarefas Observación directa do traballo na aula
	UNIDADE 9		
	UNIDADE 10	Proba escrita	
	UNIDADE 11		
% CUALIFICACIÓN		80%	20%

No que se refire a avaliación e cualificación de cada un dos instrumentos:

- ✓ **Probas escritas:** En toda proba escrita que se realice figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, sendo a cualificación final unha nota entre 0 e 10. As normas e criterios xerais de corrección, serán os seguintes
 - Tódalas follas do exame deberán ter nome ou estar numeradas.
 - Non é necesario responder ás preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.
 - É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lápis.
 - A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
 - Tamén se valorará a orde, ortografía, claridade e limpeza coa que está realizado o exame, podendo restarse 0,5 puntos como máximo por este concepto.
- ✓ **Observación do traballo de clase:**
 - **Caderno de traballo:** explica o desenrolo das actividades, actividades completas, revisa e completa as anotacións feitas polo profesor/a, é correcta a expresión escrita, limpeza e a presentación.
 - Leva o traballo ao día
 - Exposición de exercicios na pizarra
 - Atende e amosa interese polo traballo da clase.
 - Axuda e amosa respecto ós compañeiros.
 - A súa relación co profesor/a e compañeiros é correcta.
 - Coida o material e as instalacións.
- ✓ **Tarefas:**
 - Adecuación dos contidos ao que se pedía.
 - Adecuación dos recursos empregados na súa elaboración.
 - Claridade na presentación e/ou exposición.
 - Distribución do traballo e funcionamento do equipo (no caso de proxectos grupais)

RECUPERACIÓNS

- ✓ Realizarase **unha proba escrita** de recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos ou alumnas que non acadasen unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación parcial.
- ✓ No caso dunha recuperación positiva (nota igual ou superior a 5) esta cualificación substituirá á da avaliación parcial correspondente aos efectos do cálculo da cualificación da avaliación final ordinaria.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

- ✓ Ó final de curso realizarase un exame final ao que se presentarán aqueles alumnos con nota inferior a 5 nalgunha das avaliacións parciais e na correspondente recuperación. Os alumnos que só teñan que recuperar unha avaliación farán o exame final desa avaliación. Os alumnos que teñan que recuperar dúas ou tres avaliacións farán un exame final coa materia de todo o curso. En caso de superar unha avaliación parcial previamente non superada, a nota previa será substituída pola nova cualificación.
- ✓ A cualificación final de xuño será a media das tres avaliacións parciais, redondeada sen decimais, sempre que estas sexan maiores ou iguais a 3.
- ✓ En caso de que o alumno ou alumna non acadara un 3 nalgunha das tres avaliacións parciais a cualificación na avaliación ordinaria será sempre inferior a 5.

H3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, o alumno ou alumna deberá facer unha proba extraordinaria en setembro, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada.

Esta proba escrita constará de exercicios e problemas que recollerán os aspectos máis importantes da materia e estarán baseados sempre nos estándares de aprendizaxe mínimos que se recollen nesta programación para 4º ESO.

Para acadar unha avaliación positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5. A nota redondearase a un número enteiro.

Sistema de redondeo dunha cualificación (de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria, de recuperación e de pendentes): Unha vez que se teña unha nota final, en tódolos casos redondearase da seguinte maneira: nota menor ou igual que x,5 redondearase a x; nota maior que x,5 redondease a x+1.

I. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de suscitar as medidas de atención á diversidade habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales.
- Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

En canto as necesidades individuais, a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento sobre o grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Adoptar as medidas organizativas pertinentes:
 - Planificación de que alumnado precisará actividades de reforzo (será na propia aula xa que por motivos organizativos e de horario no centro non é posible facer un agrupamento neste nivel)
 - Seleccionar o alumnado que precisará una adaptación curricular ou apoio educativo por parte da PT ou AL
 - Alumnado con altas capacidades.
 - Alumnado coa materia pendente.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un destes alumnos.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a evaluar os progresos destes estudantes.
- Facer un seguimento eshaustivo destes alumnos e compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

L. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

De acordo coa orde do 30 de setembro de 2004 e como consecuencia do Real Decreto 1318/2004 regulámense as actividades de recuperación para alumnos con materias pendentes.

Os contidos serán os mesmos que aparecen na programación dos distintos cursos.

O seguimento dos alumnos que teñan as matemáticas dun curso ou cursos anteriores avaliadas negativamente será responsabilidade do Xefe/a de Departamento coa colaboración do resto de profesorado do departamento . En todo caso estableceranse as seguintes medidas de atención:

- ✓ A materia pendente repartirase en dúas partes. Para cada unha destas partes, estes alumnos/as deberán realizar os boletíns de exercicios de recuperación que o profesor lles propoña e que deberán entregar trimestralmente. Para a súa elaboración os alumnos/as contarán coa axuda dos profesores/as do departamento, que resolverán calquera dúbida.(O profesor quedará eximido de entregar ditos boletíns cando un alumno pase sen entregar os tres boletíns anteriores).
- ✓ O alumno deberá facer dúas probas escritas que se celebrarán a finais do mes de xaneiro e no mes de maio, (procurarase que as datas non sexan próximas a avaliacións parciais ou finais para así facilitar o traballo ó alumnado). Estas probas escritas estarán compostas de cuestións iguais ou semellantes ás dos boletíns que resolveron. Estas probas serán propostas e corrixidas polos membros do Departamento e a súa finalidade será constatar se os alumnos/as acadaron os obxectivos mínimos das matemáticas pendentes, correspondentes á parte que repasaron nos boletíns. Para o cálculo da cualificación final valoraranse os exercicios dos boletíns cun 30% e as probas escritas cun 70%.
- ✓ Para os alumnos que non consigan superar a primeira proba, en maio, a súa segunda proba escrita de pendentes será de toda a materia e esta, xunto coa dos boletíns, será a nota que se terá en conta para obter a cualificación final. Os alumnos que xa superaran a primeira proba escrita farán a segunda coa materia que falte.
- ✓ Considerarase superada a materia pendente en xuño se:
 - O alumno obtén unha cualificación en xuño igual ou superior a 5 na materia de matemáticas do seu curso actual.
 - O alumno obtén unha cualificación igual ou superior a 5 no plan de recuperación da materia pendente, tras facer as probas e entregar os boletíns correspondentes.
- ✓ O alumnado que non supere a materia pendente no mes de maio poderá presentarse á proba escrita extraordinaria do mes de setembro, que se considerará superada cunha nota igual ou superior a 5 (neste caso non haberá dúas partes diferenciadas na proba).

M. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ó longo de todo o curso tódolos profesores/as do departamento avaliarán o proceso de ensino e a súa propia práctica docente. Os indicadores de logro que se observarán serán os recollidos no seguinte cuestionario:

Consulto e cumpro a programación didáctica ó longo do curso (comprobarase se a temporalización real das unidades didácticas e/ou dos estándares de aprendizaxe, coincide coa temporalización prevista no apartado 3 desta programación. Para elo utilizaranse as táboas de seguinte apartado).	1	2	3	4
Dou a coñecer ós alumnos elementos da programación como os obxectivos, os contidos e os criterios de cualificación.	1	2	3	4
Selecciono as actividades en función do nivel do grupo de alumnos.	1	2	3	4
Adopto estratexias metodolóxicas diversas atendendo á diversidade dos alumnos.	1	2	3	4
Motivo os meus alumnos/as comunicándolles os obxectivos e a finalidade das actividades, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas.	1	2	3	4
Propoño actividades que favorecen o aprendizaxe autónomo (busca de información, traballos, etc.	1	2	3	4
Uso recursos e materiais variados.	1	2	3	4
Coordínome cos demais profesores do departamento.	1	2	3	4
O alumno sabe en que se vai basear a súa avaliación e esta concorda co traballo de aula.	1	2	3	4
Utilizo diferentes tipos de proba para avaliar ós alumnos	1	2	3	4

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ó longo de todo o curso analizaranse os resultados académicos, a consecución por parte dos alumnos dos obxectivos previstos e o nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

- Cubrirase unha táboa como a seguinte:

CURSO	% SUSPENSOS	% APROBADOS	CUMPRIMENTO PROGRAMACIÓN	OBSERVACIÓNS

Nos casos en que os resultados non sexan positivos analizaranse as posibles causas (falta de hábitos correctos de estudo, problemas de base, problemas cognitivos, dificultade dalgúns dos contidos, problemas de comportamento coa consecuente falta de atención, falta de interese pola materia, actividades propostas pouco variadas e repetitivas...) e decidiranse as medidas a tomar conducentes a mellorar eses resultados.

- Descríbese a continuación unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Contidos das unidades			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos empregados			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Débese ter en conta as medidas de seguridade marcadas polos protocolos covid polo que algunha das actividades citadas quizais non se poidan realizar durante este curso 2021-2022

O Departamento de Matemáticas participará nas seguintes actividades

- ✓ **“Día Mundial das Matemáticas”**, actividade pensada para todos os/as alumnos/as . O día 3 de marzo é o Día Mundial das Matemáticas, polo que durante esa semana porase no antigo salón de actos unha exposición de xogos de enxeño e iranse levando por quendas aos rapaces para que os resolvan. Non cabe dúbida de que a competencia é un das mellores estratexias para estimular o desenvolvemento da operatividade en matemáticas e que mellor que facéndoo a través de xogos.
- ✓ Realizaranse visitas a exposicións matemáticas, con data por determinar.

Polo demais non hai ningunha outra actividade prevista inicialmente. Porén, isto non impide que calquera dos membros do Departamento poda decidir no transcurso do curso participar nalgunha actividade que considere de interese

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía a empregar nun ensino semipresencial debe ter en conta que o alumnado pasará varios días a semana sen asistir ao centro e outros nos que sí o faga nun grupo mais reducido, de ahí que haxa que ter en conta as dúas situacións, polo que tanto este apartado como o do de recursos da programación didáctica de referencia para un ensino presencial, vese modificado polos que a continuación se citan.

1º "Nun ensino semipresencial imos ter en conta que nos días en que o alumnado veña a clase, usaranse fundamentalmente para explicar os contidos que para o alumnado poidan resultar mais complicados, así como para resolver as posibles dúbidas que lles van xurdindo e que nos días de ausencia ao centro non puideron resolver coa axuda prestada a través dos medios e xeitos que se citan a continuación.

2º.- Para os días nos que o alumnado non asiste ao centro, o profesorado indicarlle o último día de presenza non centro, as actividades que debe realizar tanto de consolidación como ampliación dos distintos contidos. Para iso, propóranse distintos tipos tanto de consolidación como de ampliación, nas que se considere que o alumnado poida acadar os obxectivos marcados.

3º.- O profesorado de xeito voluntario, sempre que os recursos tecnolóxicos do centro o permitan, poderá facer videoconferencia dende a aula coa que está co resto do alumnado, de aqueles aspectos que estime oportunos, tendo presente que debe ser o profesor o único que saia durante o tempo que dure a videoconferencia.

4º.- Traballar de xeito competencial tanto na aula como se facía ata agora como a distancia como se faría nun semiconfinamento, supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.

5º Propúgnase unha aprendizaxe constructivista: quen aprende faino construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engranar, tanto polo seu grado de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense establecer niveis de partida sinxelos, moi asequibles para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos e ás alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. Así, a metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias clave.

6º É importante a vinculación a contextos reais dos traballos propostos, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7º Por outra banda, a resolución de problemas será unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas

8º Todo o que se plantexa está buscando un obxectivo primordial que é que a motivación do alumnado se manteña o mellor posible dentro de toda esta situación que en moitos casos pode desbordar a alumnado, familias, profesorado e polo amosado ata agora, autoridades educativas. Cando falo de motivación do alumnado non se refire exclusivamente á materia de matemáticas, se non que é un concepto moito mais

xeral, que traspasa a parte pedagóxica e entra xa no aspecto persoal como persoa, moito mais importante neste intre que a parte puramente académica máxime cando xa o curso pasado tiveron que estar confinados todo o terceiro trimestre.

9º.- Outro aspecto que se debe neste intre é a autonomía do alumnado para que sexa capaz de buscar a información que necesite para cada tipo de actividade, sempre coa supervisión do docente que está a facer de guía mais que de transmisor de contidos .

10º Os distintos cursos da aula virtual, usaranse como canle fundamental de comunicación co alumnado, nos que se deixará todo tipo de actividades e nos que o alumnado usará para subir as tarefas pedidas.. A través dos seus foros, tamén poden plantexar as dúbidas que estimen oportunas.

11º Por suposto e para rematar, hai que ter moi presente que os ritmos de evolución que se teñen con este tipo de metodoloxía semipresencial, nada teñen que ver cos presenciais, débese adaptar a situación, tendo en conta que os horarios dos alumnos poden mudar por múltiples razóns tanto familiares como persoais, ademais de que o proceso que teñen que levar a cabo para facer distintas actividades é moito mais lento do que podería ser nunha clase presencial polo que calquer tipo de actividade plantexada require dunha temporalización moito mais longa da que se podería dar en circunstancias normais con clases presenciais de ahí que se esta situación se dira, buscaríase acadar o grao mínimo de consecución dos estándares da programación de referencia

E. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Xa que a metodoloxía cambia, é evidente que tanto os materiais como os recurso didácticos , ademais de todos os que se indican na programación de referencia, que poidan seguir usándose, a maiores inclúense os que se citan a continuación:

1. Aula virtual do centro que se usará como ferramenta fundamental tanto de comunicación como de entrega de tarefas por parte do alumnado.
2. Sesións de videoconferencia sempre que sexa posible á mesma hora que se ten no horario na modalidade presencial a través dos programas cisco-webex ou zoom meeting ou calquer outro para resolver dúbidas de todo tipo e manter contacto visual co noso alumnado.
3. Indicacións según o período que se indica, das actividades plantexadas, temporalizadas axeitadamente para os períodos nos que ao alumnado non asista ao centro.
4. Vídeos compartidos de explicacións de temas puntuais en carpetas do Google drive
5. E-mail para tanto plantexar dúbidas como manter contacto
6. Libro de texto que dispoñen os alumnos del no que se lle indican actividades para facer.
7. Se a editorial o permite, libro dixital para o alumnado
8. Apuntes, recursos, xogos, enlaces, cuestionarios e outro tipo de actividades que se lle deixan na aula virtual
9. Aplicacións interactivas nas que poden ir vendo distintas aplicacións
10. Vídeos titoriais de youtube con explicacións ou exercicios resoltos.
11. Aplicacións para facer cuestionarios ou enquisas que aporten información da situación do noso alumnado.

12. Solicitude de entrega de actividades con un determinado tempo para ver a evolución do alumnado.(
O tempo nalgúns casos é por semanas, noutros por días e en ocasións por horas)

En definitiva e para rematar, a metodoloxía tanto na súa aplicación como nos seus recursos mudan radicalmente debido a circunstancias excepcionais e obrigadas, e desta situación dentro da desgracia que está a supoñer, temos que ser capaces de extraer conclusións positivas a nivel pedagóxico, pensando que nun futuro nada nos di que non volvamos a ter que repetir esta situación

Novos xeitos de transmitir, de comunicar, de valorar, de seguir a evolución do alumnado estamos a descubrir moitos de nos, e por suposto que aínda que nunca poderán suplir ás clases presenciais, porén sí poden chegar a ser un bo complemento .

XEITO DE GARANTIR A CONEXIÓN DE TODO O ALUMNADO

Durante os primeiros días de curso, farase unha análise dos recursos dos que dispoñen os nosos alumnos, para se chegado o caso, houbese que ir a un ensino destas características, poidamos ter xa superadas todas as situacións posibles.

Así, para todos aqueles alumnos, que manifesten non dispor de recursos dixitais para un posible confinamento, porase en coñecemento do centro educativo e da inspección educativa, para que sexan eles quen, a través da administración educacativa, usando os recursos dos que din e se anuncia nos distintos medios de comunicación que se dispón, poidan resolver a posible problemática antes que aconteza.

Os xeitos de comunicación do alumando nun ensino semipresencial van ser mais doados de manter, xa que a súa presenza no centro durante algúns días da semana fará que sempre haxa comunicación directa con eles.

Cando estean na casa farase a través das seguintes canles:

- Aula virtua do centro
- Entorno abalar para comunicación fundamentalmente cos pais
- E-mail para posibles dúbidas que poidan xurdir.
- Teléfono para aqueles alumnos con maior dificultade de conexión
- Entrega de tarefas no centro ao seu pai-nai ou titor legal se non houbese outro recurso
- Comunicación co concello para que traslade o material e información necesaria á casa do alumno como último recurso.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

O resto dos apartados que non se modifican neste bloque de ensino semipresencial, mantéñense iguais que na programación de referencia, especialmente o que atinxe aos criterios de avaliación que segue iguais coas mesmas porcentaxes, tendo en conta que as probas escritas se farán presenciais durante os días nos que o alumnado asista ao centro.

E. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

No suposto que se producira unha situación similar á acontecida o curso pasado no que se establece un confinamiento total ata finais de curso, o ensino pasaría a ser de xeito total telemático.

A experiencia vivida o curso pasado debe servir como referencia para corrixir erros que se produciron pola improvisación total que se viviu e a falta de medios en moitos casos.

A metodoloxía a empregar nun ensino telemático debe ter en conta que o alumnado pasará un periodo de tempo longo sen a referencia e presenza no centro, polo que a metodoloxía a usar debe ser distinta a que se podería dar nos dous supostos anteriores. Así vanse a ter en conta os seguintes aspectos:

- 1º Nun escenario de confinamento total e polo tanto ensino telemático, o alumnado debe estar preparado para afrontalo xa que durante os primeiros días de curso, debemos ter detectados as posibles dificultades que poidan ter os nosos alumnos para unha conexión telemática e telas solucionadas coa axuda da administración
- 2º.- A través dos cursos creados na aula virtual, deixarase todo tipo de documentación, referencias, explicacións enlaces, tarefas... e todo aquilo que o profesorado considere oportuno para seguir co ritmo do curso. Será polo tanto a aula virtual, a canle prioritaria para a comunicación co noso alumnado. Ditas tarefas deixarase preferiblemente semanalmente para que o alumnado se poida organizar mellor co resto das materias xa que é probable que os seus horarios de traballo muden por distintas razóns, organización persoal, familiar....
- 3º.- O profesorado impartirá videoconferencias preferentemente ás horas nas que se tiña co grupo en cuestión durante o ensino presencial. Se esa hora por diversas causas tivera que modificarse, sempre se deberá consensuar co alumnado para que non afecte ao resto das materias.
- 4º.- Nas sesións de videoconferencias usaranse fundamentalmente para explicar contidos básicos e resolver dúbidas que poidan ter plantexadas previamente o alumnado a través dos medios establecidos para iso. Foros dos curso da aula virtual, mensaxería privada , email ou calquer outro que o profesorado estime oportuno para cada caso
- 5º.- Traballar de xeito competencial tanto na aula como se facía ata agora como a distancia como se faría nun confinamento total, supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo.
- 6º Propúgnase unha aprendizaxe constructivista: quen aprende faino construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe engranar, tanto polo seu grado de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense establecer niveis de partida sinxelos, moi asequibles para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos e ás alumnas máis destacadas en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. Así, a metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias clave.

- 7º É importante a vinculación a contextos reais dos traballos propostos, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.
- 8º Por outra banda, a resolución de problemas será unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas
- 9º Todo o que se plantexa está buscando un obxectivo primordial que é que a motivación do alumnado se manteña o mellor posible dentro de toda esta situación que en moitos casos pode desbordar a alumnado, familias, profesorado e polo amosado ata agora, autoridades educativas. Cando falo de motivación do alumnado non se refire exclusivamente á materia de matemáticas, se non que é un concepto moito mais xeral, que traspasa a parte pedagóxica e entra xa no aspecto persoal como persoa, moito mais importante neste intre que a parte puramente académica máxime cando xa o curso pasado tiveron que estar confinados todo o terceiro trimestre.
- 10º.- Outro aspecto que se debe neste intre é a autonomía do alumnado para que sexa capaz de buscar a información que necesite para cada tipo de actividade, sempre coa supervisión do docente que está a facer de guía mais que de transmisor de contidos .
- 11º Os distintos cursos da aula virtual, usaranse como canle fundamental de comunicación co alumnado, nos que se deixará todo tipo de actividades e nos que o alumnado usará para subir as tarefas pedidas.. A través dos seus foros, tamén poden plantexar as dúbidas que estimen oportunas.
- 12º Por suposto e para rematar, hai que ter moi presente que os ritmos de evolución que se teñen con este tipo de metodoloxía semipresencial, nada teñen que ver cos presenciais, débese adaptar a situación, tendo en conta que os horarios dos alumnos poden mudar por múltiples razóns tanto familiares como persoais, ademais de que o proceso que teñen que levar a cabo para facer distintas actividades é moito mais lento do que podería ser nunha clase presencial polo que calquer tipo de actividade plantexada require dunha temporalización moito mais longa da que se podería dar en circunstancias normais con clases presenciais de ahí que se esta situación se dira, buscaríase acadar o grao mínimo de consecución dos estándares da programación de referencia

E. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Xa que a metodoloxía cambia, é evidente que tanto os materiais como os recurso didácticos , ademais de todos os que se indican na programación de referencia, que poidan seguir usándose, a maiores inclúense os que se citan a continuación:

13. Aula virtual do centro que se usará como ferramenta fundamental tanto de comunicación como de entrega de tarefas por parte do alumnado.
14. Sesións de videoconferencia sempre que sexa posible á mesma hora que se ten no horario na modalidade presencial a través dos programas cisco-webex ou zoom meeting ou calquer outro para resolver dúbidas de todo tipo e manter contacto visual co noso alumnado.
15. Indicacións según o período que se indica, das actividades plantexadas, temporalizadas axeitadamente para os períodos nos que ao alumnado non asista ao centro, preferiblemente organizadas semanalmente.
16. Vídeos compartidos de explicacións de temas puntuais en carpetas do Google drive
17. E-mail para tanto plantexar dúbidas como manter contacto

18. Libro de texto que dispoñen os alumnos del no que se lle indican actividades para facer.
19. Se a editorial o permite, libro dixital para o alumnado
20. Apuntes, recursos, xogos, enlaces, cuestionarios e outro tipo de actividades que se lle deixan na aula virtual
21. Aplicacións interactivas nas que poden ir vendo distintas aplicacións
22. Vídeos titoriais de youtube con explicacións ou exercicios resoltos.
23. Aplicacións para facer cuestionarios ou enquisas que aporten información da situación do noso alumnado.
24. Solicitude de entrega de actividades con un determinado tempo para ver a evolución do alumnado.(O tempo nalgúns casos é por semanas, noutros por días e en ocasións por horas)

En definitiva e para rematar, a metodoloxía tanto na súa aplicación como nos seus recursos mudan radicalmente debido a circunstancias excepcionais e obrigadas, e desta situación dentro da desgracia que está a supoñer, temos que ser capaces de extraer conclusións positivas a nivel pedagóxico, pensando que nun futuro nada nos di que non volvamos a ter que repetir esta situación

Novos xeitos de transmitir, de comunicar, de valorar, de seguir a evolución do alumnado estamos a descubrir moitos de nos, e por suposto que aínda que nunca poderán suplir ás clases presenciais, porén sí poden chegar a ser un bo complemento .

XEITO DE GARANTIR A CONEXIÓN DE TODO O ALUMNADO

Durante os primeiros días de curso, farase unha análise dos recursos dos que dispoñen os nosos alumnos, para se chegado o caso, houbese que ir a un ensino destas características, poidamos ter xa superadas todas as situacións posibles.

Así, para todos aqueles alumnos, que manifesten non dispor de recursos dixitais para un posible confinamento, porase en coñecemento do centro educativo e da inspección educativa, para que sexan eles quen, a través da administración educacativa, usando os recursos dos que din e se anuncia nos distintos medios de comunicación que se dispón, poidan resolver a posible problemática antes que aconteza.

Os xeitos de comunicación do alumando nun ensino telemático van a depender dos recursos dos que o noso alumnado dispoña. Así en función destes, teremos os mecanismos seguintes para garantir a conexión co noso alumnado.

- Aula virtua do centro
- Entorno abalar para comunicación fundamentalmente cos pais
- E-mail para posibles dúbidas que poidan xurdir.
- Teléfono para aqueles alumnos con maior dificultade de conexión
- Entrega de tarefas no centro ao seu pai-nai ou titor legal se non houbese outro recurso
- Comunicación co concello para que traslade o material e información necesaria á casa do alumno como último recurso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Debemos ter en conta que unha situación de confinamento total e polo tanto un ensino exclusivamente telemático só se daría en situacións totalmente excepcionais atendendo ás indicacións que nos transmiten as autoridades educativas.

En virtude disto, só se modificarán os criterios de avaliación de todos os cursos da ESO no suposto en que un trimestre ou mais se diran **na súa totalidade** a través deste ensino. Neste suposto para o trimestre ou trimestres nos que se produza, aplicaremos os seguintes criterios:

AVALIACIÓN	UNIDADE	Procedementos e instrumentos de avaliación	
AVALIACIÓN	UNIDADES	Probas escrita	Entrega de esquema, Exercicios ao final do tema,... Proxectos Observación directa do traballo a través da aula virtual e videoconferencias
% CUALIFICACIÓN		70%	30%

➤ **Probas escritas:** **Modifícase** únicamente o **xeito de facelas**, que serán a través de videoconferencias con cámara aberta por parte do alumno non permitindo que a desconecte sen autorización do profesor. Se isto acontece, a proba daríase por nula e teríase que facer unha nova. Se a situación persiste en novas convocatorias, o profesor modificará o xeito de facela, podendo usar os recursos da aula virtual se así o estima oportuno ou calquer outro que considere oportuno para garantir que o autor da proba sexa o alumno en cuestión.

➤ **Esta modificación das probas escritas tamén se aplica para o alumnado coa materia pendente doutro curso.**

✓ **Observación do traballo na casa:**

- **Caderno de traballo:** explica o desenrolo das actividades con todas as actividades completas, revisa e completa as anotacións feitas polo profesor/a, é correcta a expresión escrita, limpeza e a presentación
- Leva o traballo ao día e fai as entregas en tempo e forma.
- Exposición de exercicios a través das videoconferencias
- Atende e amosa interese polo traballo.
- Axuda e amosa respecto ós compañeiros.
- A súa relación co profesor/a e compañeiros é correcta.
- Coida o material e respeta as normas establecidas para as videoconferencias

➤ Todo o demais que se cita na programación de referencia con respecto aos criterios de avaliación mantense en vigor.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

O resto dos apartados que non se modifican neste bloque de ensino telemático, mantéñense iguais que na programación de referencia de ensino presencial.